



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA.

Anuncio

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 10 de agosto de 2020 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgouse a Serafín López Novo unha concesión de 93,12 m³ anuais de auga procedente dun pozo situado no lugar de Tiagonce, na parroquia de Lourenzá (Santa María), no concello de Lourenzá (Lugo), con destino a uso gandeiro e a rega.

Número Expte.: **DH.A27.44519**

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2020.- O xefe do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, José Ángel Someso Anguita.

R. 2996

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno desta Corporación, de data 26 de novembro de 2020, o orzamento xeral, bases de execución, e cadro de persoal para o exercicio económico 2021, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días que empezarán a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

De conformidade co acordo adoptado o orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se formulan reclamacións.

Castroverde, 26 de novembro de 2020.- O Alcalde, Xosé M^a Arias Fernández.

R. 3014

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito num. 15/2020.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de novembro de 2020, aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito num. 15/2020, na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 26 de novembro de 2020.- O Alcalde, Xosé Mª Arias Fernández.

R. 3015

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 2º trimestre do ano 2020 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao segundo do 2020, terá lugar dende o día 25/11/2020 ao 25/01/2021 (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgúns das seguintes modalidades:

- a) Nas dependencias municipais de recadación, en horario laboral de luns a venres, de 9 a 14 horas.
- b) Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Se o canon da auga non se fixera efectivo no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Guitiriz, 24 de novembro de 2020.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2997

LUGO

Anuncio

O Pleno do Concello de Lugo, en sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2020, acordou aprobar inicialmente a **"Modificación da Ordenanza Municipal de Circulación"**. O citado acordo foi exposto ao público mediante anuncio publicado no BOP de Lugo Núm. 054, de data 6 de marzo de 2020, e no Taboleiro de Anuncios do Concello, outorgando prazo de trinta días para a presentación de alegacións ou reclamacións.

Segundo informe emitido pola Xefa do Negociado de Rexistro, no período de exposición pública (dende o 6 de marzo ata o 6 de xullo de 2020) non consta que foran rexistradas alegacións polo que, de conformidade co sinalado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL), debe de entenderse definitivamente aprobado o texto da modificación inicialmente aprobada, o cal entrará en vigor, segundo o previsto no artigo 65.2 da LRBRL, no prazo de 15 días hábiles a partir da publicación no BOP de Lugo, en cumprimento do sinalado no artigo 70.2 da LRBRL.

Transcríbese a continuación o texto consolidado da Ordenanza Municipal de Circulación, ao integrarse á Ordenanza orixinal (publicada no BOP de Lugo, Núm. 131, do 8 de xuño de 2013) a modificación definitivamente aprobada do Anexo III dista:

ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN**ÍNDICE**

Título preliminar Exposición de motivos

Artigo 1. Normas xerais

Artigo 2. Normas subsidiarias

Artigo 3. Conceptos básicos

Artigo 4. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 5. Distribución de competencias

Título I. Normas xerais de comportamento na circulación

Capítulo I. Comportamento das persoas condutoras e demais persoal usuario da vía

Artigo 6. Persoas usuarias

Artigo 7. Condutores/as

Artigo 8. Titulares dos vehículos

Artigo 9. Bebidas alcohólicas, substancias estupefacientes e similares

Artigo 10 Emisión de perturbacións e contaminantes

Artigo 11 A visibilidade no vehículo

Artigo 12 Actividades que afecten á seguridade da circulación

Capítulo II Da circulación de vehículos

Sección 1ª Lugar na vía

Artigo 13 Sentido da circulación

Artigo 14 Utilización dos carrís

Artigo 15 Utilización da beiravía

Artigo 16 Supostos especiais do sentido de circulación

Artigo 17 Refuxios, illotes ou dispositivos de guía Sección 2ª Velocidade

Artigo 18 Límites de velocidade

Artigo 19 Distancias e velocidade Sección 3ª Prioridade de paso

Artigo 20 Preferencias de paso

Artigo 21 Tramos estreitos e de gran pendente

Artigo 22 Condutores/as, ciclistas, peóns e animais

Artigo 23 Cesión de paso e interseccións

Artigo 24 Vehículos en servizo de urxencia

Sección 4ª Incorporación á circulación

Artigo 25 Incorporación de vehículos á circulación

Artigo 26 Condución de vehículos en tramo de incorporación

Sección 5ª Cambios de dirección, de sentido e marcha atrás

Artigo 27 Cambios de vía, calzada e carril

Artigo 28 Cambios de sentido

Artigo 29 Prohibición de cambio de sentido

Artigo 30 Marcha cara a atrás

Sección 6ª Adiantamento

Artigo 31 Sentido do adiantamento

Artigo 32 Normas xerais do adiantamento

Artigo 33 Execución do adiantamento

Artigo 34 Vehículo adiantado
Artigo 35 Prohibicións de adiantamento
Artigo 36 Supostos especiais de adiantamento
Sección 7ª Parada e estacionamento
Artigo 37 Normas xerais de paradas e estacionamentos
Artigo 38 Prohibicións de parada e estacionamento
Artigo 39 Normas especiais de estacionamentos para vehículos de dúas rodas
Artigo 40 Das tarxetas de estacionamento para persoas discapacitadas
Sección 8ª Utilización do alumeado
Artigo 41 Uso obrigatorio do alumeado
Artigo 42 Supostos especiais do alumeado
Capítulo III Outras normas de circulación
Sección 1ª Medidas de seguridade e auxilio en accidentes
Artigo 43 Portas
Artigo 44 Apagado do motor
Artigo 45 Cinto, casco e restantes elementos de seguridade
Artigo 46 Uso do casco e outros elementos de protección
Artigo 47 Auxilio e accidentes
Sección 2ª Restricións á circulación
Artigo 48 Peóns
Artigo 49 Animais
Artigo 50 Vehículos de transportes especiais e mercadorías perigosas
Artigo 51 Vías de circulación restrinxida
Sección 3ª Normas especiais para ciclos, ciclomotores, motocicletas e bicicletas
Artigo 52 Ciclos, ciclomotores, motocicletas e outros
Artigo 53 Normas específicas para bicicletas
Artigo 54 Espazos especiais para a circulación de bicicletas
Artigo 55 Prohibicións
Artigo 56 Circulación de aparatos de mobilidade persoal
Capítulo IV Do transporte de persoas, mercadorías ou cousas e da carga de vehículos
Sección 1ª Transporte de persoas
Artigo 57 Do transporte de persoas
Artigo 58 Localización e acondicionamento das persoas
Artigo 59 Transporte colectivo de persoas
Sección 2ª Transporte de mercadorías ou cousas
Artigo 60 Dimensións do vehículo e a súa carga
Artigo 61 Disposición da carga
Artigo 62 Dimensións da carga
Sección 3ª Carga e descarga
Artigo 63 Normas xerais
Artigo 64 Zonas reservadas para carga e descarga
Artigo 65 Carga e descarga en vías de circulación restrinxida
Artigo 66 Carga e descarga no resto das vías

Título II Da sinalización

Artigo 67 Normas xerais sobre os sinais

Artigo 68 Prioridade entre os sinais

Artigo 69 Idioma dos sinais

Artigo 70 Mantemento de sinais e sinais circunstanciais

Artigo 71 Retirada, substitución e alteración de sinais

Artigo 72 Advertencias das e dos condutores

Título III Infraccións e sancións, medidas preventivas e responsabilidade

Capítulo I Infraccións e sancións

Artigo 73 Cadro xeral de infraccións

Artigo 74 Sancións

Artigo 75 Graduación das sancións

Capítulo II Das medidas preventivas

Artigo 76 Inmobilización do vehículo

Artigo 77 Retirada e depósito de vehículos

Artigo 78 Outros supostos de retirada de vehículos

Capítulo III Da responsabilidade

Artigo 79 Persoas responsables

Título IV Procedemento sancionador e recursos

Artigo 80 Garantía de procedemento

Artigo 81 Competencias

Artigo 82 Actuacións administrativas e xurisdiccionais penais

Artigo 83 Incoación

Artigo 84 Denuncias

Artigo 85 Valor probatorio das denuncias dos/as axentes da autoridade

Artigo 86 Notificación da denuncia

Artigo 87 Práctica da notificación das denuncias

Artigo 88 Notificacións no Taboleiro de Edictos de Sancións de Tráfico (TESTRA) Artigo 89 Clase de procedementos sancionadores

Artigo 90 Procedemento sancionador abreviado

Artigo 91 Procedemento sancionador ordinario

Artigo 92 Recursos no procedemento sancionador ordinario

Artigo 93 Execución das sancións

Artigo 94 Cobramento de multas

Artigo 95 Responsables subsidiarios do pagamento de multas

Artigo 96 Prescrición e caducidade

Disposición derogatoria

Anexo I Cadro codificado de infraccións

Anexo II Cadro de sancións e puntos por exceso de velocidade

Anexo III Sinalización

Anexo IV Ubicación de elementos de inmobilización de bicicletas

ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN

TÍTULO PRELIMINAR

Exposición de motivos

As entidades locais gozan de autonomía para a xestión dos intereses que lle son propios. A Lei reguladora de bases de réxime local e o seu texto refundido establecen que a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas será competencia das entidades locais, as cales a exercen dentro do límite establecido pola lexislación do Estado e das comunidades autónomas.

A manifestación desta competencia, en materia de circulación, reflíctese na elaboración dunha ordenanza que regule os aspectos relacionados con esta dentro do municipio.

O feito da circulación viaria é hoxe en día consubstancial ao ser humano, sendo a actividade que máis se prodiga e a que máis vincula á poboación, xa sexa na súa faceta condutora ou meramente peonil, razón pola que require unha lexislación concreta e axeitada ás súas especiais circunstancias.

A capacidade normativa das administracións locais debe enfocarse cara á regulación das facetas específicas que constitúen a idiosincrasia do municipio, atendendo á variedade e pluralidade do seu tecido social, co fin de mellorar a calidade de vida da súa cidadanía.

Este Concello regula mediante esta ordenanza diversas cuestións en materia de tráfico co fin de exercer as competencias atribuídas aos municipios polo artigo 7 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria e normativa concordante, e complementar así a lexislación estatal e autonómica neste ámbito.

Artigo 1. Normas xerais

1.- De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as entidades locais no noso país gozan de autonomía para a xestión e ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas da súa competencia dentro do límite establecido pola lexislación estatal e autonómica e por outra parte, tendo en conta que o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobada polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, coas súas sucesivas modificacións e as súas disposicións complementarias, confírenlles aos municipios a competencia para a ordenación e o control do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como para a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan nas ditas vías e a súa sanción cando non estea expresamente atribuída a outra administración así como competencias para a regulación mediante unha ordenanza municipal de circulación dos usos das vías urbanas, facendo compatible a distribución dos estacionamentos entre todas as persoas usuarias coa fluidez do tráfico rodado e o uso peonil das rúas, e sempre dentro das disposicións vixentes nestas materias dítase esta ordenanza, que ten por obxecto regular a circulación e o uso e actividades nas vías urbanas e terreos aptos para a circulación tanto públicos como privados dentro do termo municipal de Lugo, así como naquelas vías interurbanas cuxa competencia fose sido cedida ao Concello.

2.- Cando as circunstancias o requiran, adoptaranse medidas especiais de regulación e ordenación do tránsito, coa prohibición ou limitación da circulación de vehículos e peóns, a canalización das entradas e saídas da cidade por determinadas vías así como a reordenación de zonas de estacionamento.

Artigo 2. Normas subsidiarias

Naquelas materias non reguladas expresamente por esta ordenanza ou que regule a autoridade municipal en virtude desta, aplicaranse subsidiariamente a Lei de tráfico e seguridade viaria, os regulamentos que a desenvolven e demais normas de carácter xeral.

Artigo 3. Conceptos básicos

Para os efectos desta ordenanza e demais normas complementarias, os conceptos básicos sobre vías públicas, vehículos, sinais e persoas usuarias, utilizaranse os indicados nos correspondentes anexos da Lei de tráfico e seguridade viaria, e no Anexo III desta Ordenanza.

Artigo 4. Obxecto e ámbito de aplicación

1. - Os preceptos desta ordenanza serán aplicables en todo o termo municipal de Lugo, nas vías urbanas e obriga as persoas titulares e usuarias das vías e terreos que sen ter a devandita condición sexan de uso común e a falta doutras normas a titulares das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de público usuario.

Naquelas vías fóra de poboado e dentro do termo municipal, aplicarase o establecido na Lei de seguridade viaria e nos regulamentos que a desenvolvan.

2. - Esta ordenanza ten por obxecto regular as seguintes materias:

a) A planificación, ordenación, supervisión, vixilancia e control do tráfico e o transporte nas vías urbanas da súa competencia, así como a sinalización viaria e a expedición das autorizacións relacionadas coas anteriores atribucións. En aplicación das funcións do organismo municipal competente en materia de circulación,

correspóndelles ás e aos axentes encargados da vixilancia do tráfico ordenar, sinalizar, dirixir o tráfico, formular as denuncias correspondentes polas infraccións que se cometan contra o disposto nesta ordenanza e demais disposicións e normas aplicables.

b) A inmovilización ou retirada das vías urbanas e posterior depósito daqueles vehículos que se atopen nos supostos citados nos artigos 84 e 85 da Lei de seguridade viaria.

c) A autorización de probas deportivas, actos culturais, festas populares e similares, cando discorran integra e exclusivamente pola zona urbana, exceptuando as travesías.

d) A realización das probas regulamentariamente establecidas para a determinación do grao de intoxicación etílica ou por estupefacientes, psicotrópicos, ou estimulantes ás e aos condutores e demais persoas usuarias das vías obrigadas a iso, conforme ao establecido na lexislación vixente.

e) O peche das vías urbanas cando sexa necesario.

f) A regulación da carga e descarga.

g) A autorización e colocación dos sinais de tráfico regulamentarios así como a retirada e conservación destes. A autorización, colocación ou retirada de sinais por particulares, nas vías públicas obxecto desta ordenanza.

Artigo 5. Distribución de competencias

1. - Órgano competente: de conformidade co establecido na Lei de seguridade viaria, a sanción por infraccións a esta ordenanza, nas vías urbanas comprendidas no termo municipal de Lugo, correspóndelle ao Alcalde ou Alcaldesa sempre que esta competencia non estea atribuída expresamente a outra administración, sen prexuízo da posibilidade de delegación, de acordo coa lexislación vixente.

2. - Funcións da Policía Local: no referente a esta ordenanza, entenderase por axentes de tráfico as e os axentes da Policía Local e de Mobilidade.

Os sinais e indicacións que no exercicio da facultade de regulación de tráfico efectúen as e os axentes da Policía Local e de Mobilidade obedeceranse coa máxima celeridade, e prevalecerán sobre calquera outra.

Correspóndenlle á Policía Local de Lugo na materia obxecto desta ordenanza as funcións previstas no artigo 53.1 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade do Estado

Correspóndelles ás e aos axentes de Mobilidade do Concello de Lugo en materia obxecto desta ordenanza:

As funcións previstas na letra "b" do número 1 do artigo 53 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade do Estado, e no exercicio desas funcións, terán a consideración de axentes da autoridade.

TÍTULO I

Normas xerais de comportamento na circulación

CAPÍTULO I

Comportamento das condutoras e dos condutores e demais persoal usuario da vía

Artigo 6. Usuarias/os

O persoal usuario da vía está obrigado a comportarse de forma que non entorpeza, obstaculice ou cause perigo, prexuízos ou molestias á circulación de peóns e vehículos ou danos aos bens.

Artigo 7. Condutoras/es

1. - Deberase conducir coa dilixencia e precaución necesarias para evitar todo dano propio ou alleo, coidando de non poñer en perigo tanto á ou á mesma persoa condutora coma ás demais persoas ocupantes do vehículo e ao resto das persoas usuarias da vía.

Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente ou temerario.

2. - As condutas referidas no parágrafo anterior relativas á conducción negligente consideraranse de carácter grave e as referidas á conducción temeraria como moi graves.

Normas xerais de condutores/as

1. - As condutoras e condutores deberán estar en todo momento en condicións de controlar os seus vehículos ou animais. Ao aproximarse a outras persoas usuarias da vía deberán adoptar as precaucións necesarias para a seguridade destas, especialmente cando se trate de nenos e nenas, persoas anciás, invidentes ou outras persoas con discapacidade.

2. - Quen conduza un vehículo está obrigado a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á conducción, que garanta a súa propia seguridade, a do resto de ocupantes do vehículo e a das demais persoas usuarias da vía. Para estes efectos deberá coidar especialmente de manter a posición axeitada e que a manteña o resto do persoal ocupante, así como a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados para que non haxa interferencia entre a persoa condutora e calquera delas ou deles.

A condutora ou o condutor deberá verificar que as placas de matrícula do vehículo non presenten obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.

3. - Queda prohibido:

a) Conducir utilizando cascos ou auriculares conectados a aparatos receptores ou reprodutores de son, agás durante a realización das probas de aptitude en circuito aberto para a obtención do permiso de condución nas condicións que se determinen regulamentariamente.

b) Utilizar durante a condución pantallas visuais incompatibles coa atención permanente a esta, dispositivos de telefonía móbil ou calquera outro medio ou sistema de comunicación, agás cando o desenvolvemento da comunicación se faga sen empregar as mans nin utilizar cascos, auriculares ou instrumentos similares.

Considérase incompatible coa obrigatoria atención permanente á condución o uso pola persoa condutora do vehículo en movemento de dispositivos tales como pantallas con acceso a Internet, monitores de televisión e reprodutores de imaxes.

Exceptúase para estes efectos o uso daqueles monitores que estean á vista da persoa condutora e que a súa utilización sexa necesaria para a visión de acceso ou baixada de quen viaxa ou para a visión en vehículos con cámara de manobras traseiras, así como o dispositivo GPS. Igualmente, quedan exentos da prohibición da utilización dos devanditos medios por axentes da autoridade, así como por condutores de vehículos especiais e de acompañamento a estes, de furgóns de transporte de fondos e de escolta debidamente acreditados, no exercicio das funcións encomendadas.

c) Circular con menores de 12 anos situados nos asentos dianteiros do vehículo, salvo que utilicen dispositivos homologados para o efecto. Excepcionalmente, cando a súa estatura sexa igual ou superior a 135 cm, os menores de 12 anos poderán utilizar como tal dispositivo o propio cinto de seguridade para adultos de que estean dotados os asentos dianteiros.

As persoas de máis de 3 anos, cuxa estatura non alcance os 135 centímetros, deberán utilizar un sistema de suxeición homologado adaptado ao seu talle e ao seu peso ou, no caso contrario, deberán ir suxeitas por un cinto de seguridade ou outro sistema de suxeición homologado para persoas adultas dos que estean dotados os asentos traseiros do vehículo. Así mesmo, queda prohibido circular con menores de 3 anos situados nos asentos traseiros do vehículo salvo que utilicen para iso un sistema de suxeición homologado, adaptado ao seu talle e ao seu peso coas excepcións que se establezan regulamentariamente. A utilización dos cintos de seguridade nos vehículos destinados ao transporte escolar e de menores axustarase ao establecido na súa regulamentación específica.

d) Ocupar con máis dunha persoa os ciclos ou ciclomotores cando sexan construídos para unha soa. Tamén se prohibe circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores e motocicletas con ou sen sidecar por calquera clase de vía. Excepcionalmente, permítese esta circulación a partir dos sete anos sempre que conduzan os pais, nais, titoras ou titores ou persoa maior de idade autorizada por eles, utilicen casco homologado e se cumpran as condicións de seguridade establecidas regulamentariamente.

e) Prohíbese instalar inhibidores de radar nos vehículos ou calquera outro mecanismo encamiñado a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico, así como emitir ou facerlles sinais a outras persoas usuarias da vía co fin de que poidan eludir a vixilancia das e dos axentes de tráfico.

f) Prohíbese levar abertas as portas do vehículo, abrílas antes da súa completa inmovilización e abrílas ou apearse deste sen asegurarse previamente de que iso non implica perigo ou entorpecemento para outras persoas usuarias.

Artigo 8. Titulares dos vehículos

As persoas titulares e, se é o caso, as arrendatarias dos vehículos teñen deber de actuar coa máxima dilixencia para evitar os riscos que leva consigo a súa utilización, manténdoo nas condicións legais e regulamentariamente establecidas, someténdoo aos recoñecementos e inspeccións que correspondan e impedindo que sexan conducidos por quen nunca obtivese o permiso ou licenza de condución correspondente

Artigo 9. Bebidas alcohólicas, substancias estupefacientes e similares

1. - Non poderá circular polas vías obxecto desta ordenanza ningún condutor ou condutora de vehículos ou bicicletas con taxas superiores ás establecidas respecto a bebidas alcohólicas, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias análogas.

2. - Todas as condutoras e condutores de vehículos e bicicletas quedan obrigados a someterse ás probas establecidas para a detección das posibles intoxicacións por alcohol ou outras substancias, referidas no parágrafo anterior.

En concreto, as e os axentes de Tráfico poderán someter as persoas condutoras de vehículos e demais usuarias e usuarios da vía ás probas de detección anteriormente referidas nos seguintes casos:

a) Cando a persoa condutora ou usuaria da vía se vexa implicada nalgún accidente de circulación como posible responsable del.

b) Quen conduza calquera vehículo con síntomas evidentes ou por feitos que permitan presumir razoadamente que o fai baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou substancias citadas anteriormente.

c) As e os condutores que sexan denunciados pola comisión dalgunha infracción ás normas establecidas no Regulamento Xeral de Circulación.

d) As e os condutores de vehículos cando sexan requiridas e requiridos pola autoridade ou axentes e dentro dos programas de controis preventivos establecidos pola devandita autoridade.

O sometemento ás probas establecidas por posibles intoxicacións por alcohol ou outras substancias ten carácter obrigatorio.

3. - As probas para detectar a posible intoxicación por alcohol serán practicadas por axentes da Policía Local e, normalmente, consistirán na verificación do aire expirado mediante alcoholímetros autorizados, que determinarán de forma cuantitativa o grao de impregnación alcohólica do persoal interesado. A petición do persoal interesado ou por orde da autoridade xudicial, poderanse repetir as probas para os efectos de contraste, podendo consistir en análise de sangue, ouriños ou outros análogos.

O persoal sanitario estará obrigado, en todo caso, a darlle conta do resultado das probas que realicen á autoridade xudicial, aos órganos periféricos da Xefatura Central de Tráfico e, cando proceda, ás autoridades municipais competentes.

4. -As cantidades de alcohol por litro de aire expirado non deberán ser superiores ás fixadas regulamentariamente.

5. - As probas mencionadas levaranse a cabo de conformidade co establecido no Regulamento xeral de circulación e lexislación complementaria.

6. - As probas para a detección das demais substancias a que se refire o parágrafo primeiro deste artigo realizaranse de acordo co disposto no Regulamento xeral de circulación, e será obrigatorio o sometemento a estas das persoas a que se refire o parágrafo 2 de artigo.

7. -As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de moi graves; sen prexuízo do disposto anteriormente, a condución dun vehículo de motor ou dun ciclomotor baixo a influencia do alcohol, drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas está tipificada e regulada no Código Penal como delito contra a seguridade do tráfico (artigos 379 e seguintes), polo que será de aplicación o disposto no artigo 73, parágrafo 1 desta ordenanza.

Artigo 10. Emisión de perturbacións e contaminantes

1. - Prohíbese a emisión de perturbacións electromagnéticas, ruidos, gases e outros contaminantes nas vías obxecto desta ordenanza, por enriba das limitacións establecidas na lexislación específica que regula estas materias.

2. - Non poderán circular polas vías obxecto desta ordenanza os vehículos con niveis de emisión de ruído superiores aos establecidos; así como tampouco emitindo gases ou fumes en valores superiores aos límites establecidos e nos supostos de ser obxecto dunha reforma de importancia non autorizada.

Todas as persoas condutoras de vehículos quedan obrigadas a colaborar nas probas regulamentarias de detección que permitan comprobar as posibles deficiencias indicadas.

3. - En todas as vías públicas obxecto desta ordenanza, prohíbese a circulación de vehículos de motor e ciclomotores co chamado escape libre sen o preceptivo silenciador das explosións.

En materia de ruidos, aplicarase o expresamente disposto na lexislación específica que regula esta materia.

Artigo 11. A visibilidade no vehículo

1. - A superficie acristalada do vehículo deberá permitir, en todo caso, a visibilidade diáfana da persoa condutora sobre a vía pola que circule, sen interferencias de láminas ou adhesivos.

2. - Unicamente se permitirá circular con láminas adhesivas ou cortinas contra o sol nas ventáñas posteriores cando o vehículo leve dous espellos retrovisores exteriores que cumpran as especificacións técnicas necesarias.

A utilización de láminas adhesivas nos vehículos permitirase nas condicións establecidas na regulamentación de vehículos.

3. - A colocación dos distintivos previstos na lexislación de transportes, ou noutras disposicións, deberá realizarse de forma que non impidan a correcta visión da persoa condutora.

4. - Queda prohibida, en todo caso, a colocación de vidros tinxidos ou coloreados non homologados.

Artigo 12. Actividades que afecten á seguridade da circulación

1. - A realización de obras, instalacións, colocación de contedores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta ordenanza necesitará previa autorización municipal, e rexeranse polo disposto nas leis que sexan de aplicación. As mesmas normas serán

aplicables á interrupción das obras, en razón das circunstancias ou características especiais do tráfico que poderá levarse a efecto a petición da autoridade municipal.

2. - Prohíbese tirar, depositar ou abandonar sobre a vía obxectos ou materias que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento, facelos perigosos ou deteriorar aquela ou as súas instalacións, ou producir nesta ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar.

Dentro desta prohibición, está comprendida a circulación de camións de obras ou outra maquinaria que ensucien a calzada de barro, terra, po ou calquera outro material que fagan perigosa ou molesta a circulación do demais persoal usuario. A vulneración desta norma dará lugar á paralización dos vehículos infractores ata tanto non se restaure a normalidade da circulación coa debida limpeza da calzada.

O custo da devandita limpeza así como os danos ocasionados a vehículos ou persoas deberá ser asumida por quen orixine os danos ou deterioracións anteriormente sinaladas.

3.- Con carácter xeral prohíbese lavar vehículos nas vías obxecto desta ordenanza.

Así mesmo, prohíbese reparar vehículos nas vías obxecto desta ordenanza, coa excepción e só para casos de emerxencia que non poidan ser resoltos por outros mecanismos, como puidese ser a retirada do vehículo coa grúa.

4.- Quen crease sobre a vía algún obstáculo ou perigo deberá facelo desaparecer o antes posible, adoptando entrementres as medidas necesarias para que poida ser advertido polas demais persoas usuarias e para que non se dificulte a circulación.

5. - Prohíbese tirar á vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios ou, en xeral, pór en perigo a seguridade viaria.

6. - Prohíbese a realización de actividades por persoas non autorizadas na vía pública ou espazos exteriores que ocasionen ou puidesen ocasionar perturbacións, molestias, perigo ou prexuízo ás persoas usuarias de vehículos ou obstaculizar a circulación. Encádranse neste parágrafo as actividades coñecidas como: "limpaparabrisas", repartición de publicidade e calquera outra de similares características ou de venda ambulante realizada aproveitando as detencións ou retencións orixinadas polos sinais reguladores do tráfico, semáforos ou outras situacións, ou as realizadas en accesos a espazos exteriores utilizados como aparcadoiro que afecten á normal circulación de vehículos.

7. - Teñen a consideración de graves as infraccións ao disposto nos parágrafos 2 e 5 deste artigo.

CAPÍTULO II

Da circulación de vehículos

Sección 1.ª Lugar na vía

Artigo 13. Sentido da circulación

Como norma xeral, e moi especialmente nas curvas e cambios de rasante de reducida visibilidade, os vehículos circularán en todas as vías obxecto desta ordenanza pola dereita e o máis preto posible do bordo da calzada, mantendo a separación lateral suficiente para realizar o cruzamento con seguridade.

Os supostos de circulación pola esquerda, en sentido contrario ao estipulado, nunha vía de dobre sentido da circulación, terán a consideración de infraccións moi graves, especialmente se se trata de curvas e cambios de rasante de reducida visibilidade.

Artigo 14. Utilización dos carrís

1. - Quen conduza un automóbil que non sexa coche de discapacitado ou dun vehículo especial co peso máximo autorizado superior ao que regulamentariamente se determine circulará pola calzada e non pola beiravía, salvo por razóns de emerxencia, e deberá, ademais, aterse ás regras seguintes:

- a) Nas calzadas con dobre sentido de circulación e dous carrís, separados ou non por marcas viarias, circulará polo da súa dereita.
- b) Nas calzadas con dobre sentido de circulación e tres carrís, separados por marcas lonxitudinais descontinuas, circulará tamén polo da súa dereita, e en ningún caso polo situado máis á súa esquerda.
- c) En ningún caso se poderá circular sobre as marcas viarias de separación de carrís ou sobre calquera outra marca viaria.

2. - Os supostos de circulación pola esquerda, en sentido contrario ao estipulado terán a consideración de infraccións moi graves.

Artigo 15. Utilización da beiravía

1. Quen conduza calquera vehículo de tracción animal, vehículo especial con masa máxima autorizada non superior a 3.500 kg, ciclo, ciclomotor, vehículo para persoas de mobilidade reducida ou vehículo en seguimento

de ciclistas, no caso de que non exista vía ou parte desta que lles estea especialmente destinada, circulará pola beiravía da súa dereita, se fose transitable e suficiente, e, se non o fose, utilizará a parte imprescindible da calzada. Deberán tamén circular pola beiravía da súa dereita, ou, nas circunstancias a que se refire esta alínea, pola parte imprescindible da calzada, as e os condutores de motocicletas, de turismos e de camións con peso máximo autorizado, que non exceda de 3.500 kg que, por razóns de emerxencia, o fagan a velocidade anormalmente reducida, perturbando con iso gravemente a circulación.

2. Prohibese que os vehículos enumerados no parágrafo anterior circulen en posición paralela, salvo as bicicletas e ciclomotores de dúas rodas, nos casos e forma que se permitan regulamentariamente, atendendo ás circunstancias da vía ou á perigosidade do tráfico.

Artigo 16. Supostos especiais do sentido de circulación

1. - Cando razóns de seguridade ou fluidez da circulación o aconsellen, a autoridade municipal poderá ordenar outro sentido de circulación, a prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía, ben con carácter xeral ou para determinados vehículos ou persoas usuarias, o peche de determinadas vías, o seguimento obrigatorio de itinerarios concretos, ou a utilización de beiravías ou carrís en sentido oposto ao normalmente previsto.

2. - Para evitar entorpecemento á circulación e garantir a súa fluidez, poderanse impoñer restricións ou limitacións a determinados vehículos e para vías concretas, que serán obrigatorias para as persoas usuarias afectadas.

Artigo 17. Refuxios, illotes ou dispositivos de guía

1. - Cando na vía existan refuxios, illotes ou dispositivos de guía, circularase pola parte da calzada que quede á súa dereita, no sentido da marcha, salvo cando estean situados nunha vía de sentido único ou dentro da parte correspondente a un só sentido de circulación, en cuxo caso poderá facerse por calquera dos dous lados.

2. - Nas prazas, glorietas e encontros de vías, os vehículos circularán deixando á súa esquerda o seu

3. - Os supostos de circulación en sentido contrario ao estipulado terán a consideración de infraccións moi graves, aínda que non existan refuxios, illotes ou dispositivos de guía.

Sección 2.ª Velocidade

Artigo 18. Límites de velocidade

1. - Toda condutora ou condutor está obrigado a respectar os límites de velocidade establecidos e a ter en conta, ademais, as súas propias condicións físicas e psíquicas, as características e o estado da vía, do

vehículo e da súa carga, as condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación e, en xeral, cantas

circunstancias concorran en cada momento, co fin de adecuar a velocidade do seu vehículo a estas, de maneira que sempre poida detelo dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo que poida presentarse.

2. - A velocidade máxima e mínima autorizadas para a circulación de vehículos de motor fixarase con carácter xeral para as persoas condutoras, os vehículos e as vías obxecto desta ordenanza, de acordo coas súas propias características. Os lugares con prohibicións ou obrigas específicas de velocidade serán sinalizados con carácter permanente ou temporal, se é o caso. En defecto de sinalización específica, cumprirase a xenérica establecida para cada vía.

3. - O límite máximo de velocidade ao que poderán circular os vehículos por vías urbanas será de 50 quilómetros por hora, agás os vehículos que transporten mercadorías perigosas que circularán como máximo a 40 Km/h.

Estes límites poderán ser rebaixados en travesías especialmente perigosas por acordo da autoridade municipal co titular da vía, e nas vías urbanas, por decisión do órgano competente da Corporación Municipal.

Nas mesmas condicións, os límites poderán ser ampliados mediante o emprego da correspondente sinalización, nas travesías, nas autoestradas e autovías dentro de poboado, sen superar en ningún caso os límites xenéricos establecidos para estas vías fóra de poboado. En defecto de sinalización, a velocidade máxima que non deberán superar os vehículos en autoestradas e autovías dentro de poboado será de 80 km/h.

Nas zonas peonís ou de grande aglomeración de persoas, os vehículos non poderán superar a velocidade de 10 km/h.

4. - Non se deberá entorpecer a marcha normal doutro vehículo circulando sen causa xustificada a velocidade anormalmente reducida. Non obstante o anterior, poderase circular por debaixo dos límites mínimos de velocidade nos casos de transportes e vehículos especiais, cando as circunstancias do tráfico impidan o mantemento dunha velocidade superior á mínima sen risco para a circulación, así como nos supostos de protección ou acompañamento a outros vehículos, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

5. - Non se permite reducir bruscamente a velocidade á que circule o vehículo, salvo nos supostos de inminente perigo.

6. - Toda condutora ou condutor dun vehículo que circule detrás doutro deberá deixar entre ambos os dous suficiente espazo libre para que, en caso de freada brusca, se consiga a detención do vehículo sen colidir con el, tendo en conta especialmente a velocidade e as condicións de adherencia e freado, espazo este de seguridade que deberá ser respectado polo resto de persoas condutoras incluídas as de motocicletas e ciclomotores.

Probos deportivas, marchas ciclistas e outros eventos

Prohíbese realizar competicións de velocidade, así como marchas ciclistas ou outros eventos similares nas vías públicas ou de uso público obxecto desta ordenanza, salvo naqueles lugares e momentos que expresamente se autoricen.

Artigo 19. Distancias e velocidade

Igualmente, as condutoras e os condutores deberán adoptar as medidas máximas de precaución, e circularán a velocidade moderada e, mesmo, deterán o vehículo sempre que as circunstancias así o aconsellen e, en especial, nos casos seguintes:

- Cando a calzada se estreite ou se atope ocupada por obras ou algún obstáculo que dificulte a circulación.
- Cando a zona destinada a peóns obrigue a estes a circular moi próximos á calzada ou se aquela non existe sobre esta.
- Cando en función da velocidade a que se circule non exista visibilidade abonda motivada por deslumbramento, néboa densa, nevadas, chuvia intensa, nubes de po ou fume ou calquera outra causa.
- Ao aproximarse a un autobús en situación de parada e especialmente se se trata dun autobús de transporte escolar ou de menores.
- Cando as condicións de rodamento non sexan favorables, ben polo estado do pavimento ou ben por razóns meteorolóxicas.
- Cando con ocasión de formarse charcos de auga, lama ou calquera outra substancia se poida salpicar ou manchar a peóns.
- Nos cruzamentos ou interseccións nos que non existan semáforos nin sinais que indiquen paso con prioridade.
- Ao atravesar as zonas nas que sexa previsible a presenza de nenos e nenas, persoas anciás ou con discapacidade na calzada ou nas súas inmediacións.
- Cando se aproximen a pasos de peóns non regulados por semáforos ou policía locais, e se observe naqueles a presenza de peóns ou estes se dispoñan a utilízalos.
- Cando pola celebración de espectáculos ou por razóns de natureza extraordinaria se produza grande afluencia de peóns ou vehículos.
- Á saída ou entrada de inmobles, garaxes e estacionamentos que teñan os seus accesos á vía pública.
- Nas proximidades de zonas escolares.
- En rúas peonís e restrinxidas ao tráfico de vehículos particulares, pero con acceso de vehículos destinados a carga e descarga.

As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves.

Sección 3.ª Prioridade de paso

Artigo 20. Preferencias de paso

1. - Normas xerais de prioridade de paso

En defecto de sinal que regule a preferencia de paso, a persoa condutora está obrigada a cedérllelo aos vehículos que se aproximen pola súa dereita, salvo nos seguintes supostos:

- a) Terán dereito de preferencia de paso os vehículos que circulen por unha vía pavimentada fronte aos procedentes doutra sen pavimentar.
- b) Nas glorietas, os que se atopen dentro da vía circular terán preferencia de paso sobre os que pretendan acceder a aquelas.

2. - As infraccións ás normas deste precepto relativas á prioridade de paso terán a consideración de graves.

Artigo 21. Tramos estreitos e de gran pendente

1. - Nos tramos da vía nos que pola súa estreiteza sexa imposible ou moi difícil o paso simultáneo de dous vehículos que circulen en sentido contrario, onde non haxa sinalización expresa para o efecto, terá dereito de preferencia de paso o que entrase primeiro. En caso de dúbida sobre a devandita circunstancia, terá a preferencia o vehículo con maiores dificultades de manobra.

2. - Calquera vehículo que se achegue a unha obra de reparación da vía e atope esperando a outro chegado con anterioridade no mesmo sentido colocárase detrás del ou o máis arrimado posible ao bordo dereito, e non intentará pasar, senón seguindo o que ten diante.

3. - Nos tramos de gran pendente, nos que se dean as circunstancias de estreiteza sinaladas no parágrafo 1, a preferencia de paso teraa o vehículo que circule en sentido ascendente.

4. - As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves.

Artigo 22. Conductoras/es, ciclistas, peóns e animais

1. - As conductoras e os condutores deberán cederlles o paso a peóns e conductoras/es de bicicletas nos casos seguintes:

- Nos pasos para peóns debidamente sinalizados.

- Cando vaian xirar co seu vehículo para entrar noutra vía e haxa peóns cruzándoa, aínda que non exista paso para estes.

- Cando o vehículo cruce unha beiravía pola que estean a circular peóns que non dispoñan de zona peonil.

- A peóns que circulen pola beirarrúa, cando o vehículo teña necesidade de cruzala por un vao ou por unha zona autorizada.

- Nas zonas peonís, cando os vehículos as crucen polos pasos habilitados para o efecto, as persoas conductoras teñen a obriga de deixar pasar a peóns que circulen por elas.

- Cando crucen por pasos de peóns regulados por semáforos, cando estes estean en amarelo intermitente.

- En rúas de uso peonil e restrinxidas ao tráfico de vehículos particulares, pero con acceso de vehículos destinados a carga e descarga.

2. - Tamén deberán cederlles o paso:

- A peóns que vaian subir ou baixar dun vehículo de transporte colectivo de viaxeiros, nunha parada sinalizada como tal, cando se atopen entre o devandito vehículo e a zona peonil ou refuxio máis próximo.

- Ás tropas en formación, filas escolares ou comitivas organizadas.

As persoas conductoras teñen prioridade de paso para os seus vehículos, respecto dos animais, salvo cando vaian xirar co seu vehículo para entrar noutra vía e haxa animais cruzándoa.

Quen conduza bicicletas ten prioridade de paso respecto aos vehículos de motor:

- Cando circulen por un carril bici, paso para ciclistas ou beiravía debidamente autorizada para uso exclusivo de persoas conductoras de bicicletas.

- Cando para entrar noutra vía o vehículo de motor xire á dereita ou esquerda, nos supostos permitidos, existindo un/unha ciclista nas súas proximidades.

- Cando as persoas conductoras de bicicleta circulen en grupo, serán considerados como unha única unidade móbil para os efectos de prioridade de paso. En circulación urbana estarase ao disposto nesta ordenanza.

Nos demais casos, serán aplicables as normas xerais sobre prioridade de paso entre vehículos, contidas nesta ordenanza.

As infraccións deste precepto terán a consideración de graves.

Artigo 23. Cesión de paso e interseccións

1. - A persoa condutora dun vehículo que haxa de ceder o paso a outro non deberá iniciar ou continuar a súa marcha ou a súa manobra, nin reemprendela, ata asegurarse de que con iso non forza a persoa condutora do vehículo que ten a prioridade a modificar bruscamente a traxectoria ou a súa velocidade, e debe mostrar con suficiente antelación, pola súa forma de circular e, especialmente, coa redución paulatina da velocidade, que efectivamente o vai ceder.

2. Aínda cando goce de prioridade de paso, ningunha persoa condutora deberá ocupar co seu vehículo unha intersección, un paso para peóns ou carrís reservados á circulación de vehículos de transporte público se a situación da circulación é tal que, previsiblemente, poida quedar detido de forma que impida ou obstrúa a circulación transversal tanto de vehículos coma de peóns.

3. - Toda persoa condutora que deteña o seu vehículo nunha intersección regulada por semáforo e a súa situación constitúa obstáculo para a circulación deberá saír daquela sen esperar a que se permita a circulación na dirección que se propón tomar, sempre que ao facelo non entorpeza a marcha das demais persoas usuarias que avancen no sentido permitido.

4. - Nas interseccións, a preferencia de paso verificarase sempre aténdose á sinalización que a regule.

5. - A infracción das prioridades de paso deste artigo considerarase infraccións graves.

Artigo 24. Vehículos en servizos de urxencia

1. - Terán prioridade de paso sobre os demais vehículos e outras persoas usuarias da vía os vehículos de servizos de urxencia públicos ou privados, cando se atopen en servizo de tal carácter e sempre que utilicen os sinais ópticos e acústicos que lles permita coñecer as persoas usuarias da vía tal circunstancia.

Por excepción do disposto no paragrafo anterior, as e os condutores dos vehículos prioritarios deberán utilizar o sinal luminoso illadamente cando a omisión dos sinais acústicos especiais non supoña perigo ningún para as demais persoas usuarias.

As e os condutores de vehículos prioritarios deberán observar os preceptos establecidos no Regulamento xeral de circulación, se ben, coa condición de terse asegurado de que non poñen en perigo a ningunha persoa usuaria da vía, poderán deixar de cumprir baixo a súa exclusiva responsabilidade as normas dos títulos II, III e IV do citado Regulamento, salvo as ordes e sinais das e dos axentes de tráfico, que son sempre de obrigado cumprimento.

As e os axentes da autoridade responsables da vixilancia, regulación e control do tráfico poderán utilizar e situar os seus vehículos na parte da vía que resulte necesaria cando presten auxilio ás persoas usuarias desta, ou o requiran as necesidades do servizo ou da circulación. Así mesmo, determinarán en cada caso concreto os lugares onde deben situarse os vehículos de servizo de urxencia ou doutros servizos especiais.

2. - En circunstancias especiais nas que non se poida recorrer a outros medios a persoa condutora dun vehículo non prioritario poderá realizar os servizos de urxencia, sempre que llelo advirta ás demais persoas usuarias da vía a especial situación, utilizando para iso o avisador acústico en forma intermitente, e conectando a luz de emerxencia, se dispuxese dela, ou axitando un pano ou procedemento similar. En calquera momento, as e os axentes da autoridade poderán esixir a xustificación de tal servizo, e de non estar debidamente xustificado deberán denunciar as infraccións detectadas.

3. - Tan pronto perciban os sinais especiais que anuncien a proximidade dun vehículo prioritario, ou non prioritario pero en servizo de urxencia, as demais persoas condutoras e usuarias adoptarán as medidas adecuadas, segundo as circunstancias do momento e lugar, para facilitarlles o paso, apartándose normalmente á súa dereita ou deténdose se fose preciso.

4. - As infraccións ao disposto neste artigo terán a consideración de graves.

Sección 4.ª Incorporación á circulación**Artigo 25. Incorporación de vehículos á circulación**

1. - A persoa condutora dun vehículo parado ou estacionado nunha vía ou procedente das vías de acceso a esta, das súas zonas de servizo ou dunha propiedade estremeira, que pretenda incorporarse á circulación, deberá asegurarse previamente, mesmo seguindo as indicacións doutra persoa en caso necesario, de que pode facelo sen perigo para as demais persoas usuarias, cedéndolles o paso a outros vehículos e tendo en conta a posición, traxectoria e velocidade destes, e advertirao cos sinais obrigatorios para estes casos. Se a vía á que se accede está dotada dun carril de aceleración, a persoa condutora que se incorpora a aquela procurará facelo con velocidade axeitada a esta.

2. - A condutora ou condutor que se incorpore á circulación advertirá opticamente a devandita manobra durante todo o tempo que dure esta.

3. - Os supostos de incorporación á circulación sen ceder o paso a outros vehículos terán a consideración de infraccións graves.

Artigo 26. Condución de vehículos en tramo de incorporación

Con independencia da obriga das persoas condutoras dos vehículos que se incorporen á circulación de cumprir as prescricións do artigo anterior, as demais persoas condutoras facilitarán, na medida do posible, a dita manobra, especialmente se se trata dun vehículo de transporte colectivo de viaxeiros que pretende incorporarse á circulación dende unha parada sinalizada.

Sección 5.ª Cambios de dirección, de sentido e marcha atrás**Artigo 27. Cambios de vía, calzada e carril**

1. - A persoa condutora dun vehículo que pretenda xirar á dereita ou á esquerda para utilizar unha vía distinta daquela pola que circula, tomar outra calzada da mesma vía, ou para saír desta, deberá advertírllelo previamente e con suficiente antelación ás persoas condutoras dos vehículos que circulan detrás súa e asegurarse de que a velocidade e a distancia dos vehículos que se acheguen en sentido contrario lle permiten efectuar a manobra sen perigo, e absterase de realizala de non se dar estas circunstancias. Tamén deberá absterse de realizar a manobra cando se trate dun cambio de dirección á esquerda e non exista visibilidade abunda.

2. - Toda manobra de desprazamento lateral que implique cambio de carril deberá levarse a efecto respectando a prioridade do vehículo que circule polo carril que se pretende ocupar.

3. - Execución da manobra de cambio de dirección

Para executar a manobra de cambio de dirección, a persoa condutora:

a) Advertirá o seu propósito mediante a utilización dos sinais regulamentarios todo tipo de manobra que implique un desprazamento lateral ou cara a atrás do seu vehículo, estas advertencias efectuaranse coa antelación suficiente á iniciación da manobra e se son luminosas permanecerán en funcionamento ata que remate aquela.

b) Ademais de realizar a sinalización preceptiva, quen conduza deberá, se a vía non está acondicionada ou sinalizada para facelo doutro xeito, cingirse todo o posible ao bordo dereito, se o xiro é cara a este lado. Cando o xiro sexa á esquerda, deberá diferenciarse entre vías dun só sentido e de dobre. No primeiro caso aproximarase á esquerda, e no segundo ao eixe central sen invadir a zona destinada ao sentido contrario, todo iso coa necesaria antelación e no menor espazo e tempo posibles.

4. - Por excepción se, polas dimensións do vehículo ou por outras circunstancias que o xustificasen, non fose posible realizar o cambio de dirección con estrita suxeición ao disposto no parágrafo anterior, a persoa condutora deberá adoptar as medidas que eviten todo perigo ao levalo a cabo.

5. - As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves.

Artigo 28. Cambios de sentido

1. - Quen conduza un vehículo que pretenda inverter o sentido da súa marcha deberá elixir un lugar axeitado para efectuar a manobra, de forma que se intercepte a vía o menor tempo posible, advertirá o seu propósito cos sinais preceptivos coa antelación suficiente e asegurase de que non vai poñer en perigo ou obstaculizar a outras e outros usuarios. En caso contrario, deberá absterse de realizar a devandita manobra e esperar o momento oportuno para efectualo. Cando a súa permanencia na calzada, mentres espera para efectuar a manobra de cambio de sentido, impida continuar a marcha dos vehículos que circulan detrás do seu, deberá saír desta polo seu lado dereito, se fose posible, ata que as condicións da circulación permitan efectualo.

Os sinais cos que a persoa condutora do vehículo debe advertir o seu propósito de inverter o sentido da súa marcha son os recollidos no artigo 109 do Regulamento xeral de circulación.

2. - As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves.

Artigo 29. Prohibición de cambio de sentido

1. - Queda prohibido efectuar manobras de cambio de sentido de marcha nos casos seguintes:

a) Nas vías sinalizadas con placas ou pintura no pavimento que indiquen sentido único.

b) Nos tramos de vías pintados con liñas lonxitudinais de trazo continuo.

c) Nas curvas, cambios de rasante e, en xeral, en todo lugar onde a manobra implique risco ou constitúa un obstáculo para as demais persoas usuarias, e onde estea prohibido o adiantamento.

d) Nas pontes.

e) Nos cruzamentos e bifurcacións que non estean debidamente preparados para permitir a manobra.

f) En calquera suposto no que a manobra obrigue a dar marcha atrás, salvo que se trate dunha rúa sen saída.

2. - As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves.

Artigo 30. Marcha cara a atrás

1. - A manobra de marcha cara a atrás deberá efectuarse lentamente, despois de advertilo cos sinais preceptivos e de asegurarse, mesmo apeándose ou seguindo as indicacións doutra persoa se fose necesario, de que, polas circunstancias de visibilidade, espazo e tempo necesarios para efectualo, non vai constituír perigo para as demais persoas usuarias da vía.

Esta manobra levarase a cabo coa máxima precaución, e quen conduza deterá o vehículo con toda rapidez se oíse avisos indicadores ou se se apercibise da proximidade doutro vehículo, dunha persoa ou animal, ou tan pronto o esixa a seguridade da circulación, desistindo da manobra se fose preciso.

O percorrido cara a atrás, como manobra complementaria doutra que a esixa, como parada, estacionamento ou iniciación da marcha, non poderá ser superior a 15 metros.

2. - Prohibicións:

a) Prohibese circular cara a atrás, salvo nos casos en que non sexa posible marchar cara a diante nin cambiar de dirección ou sentido de marcha, e nas manobras complementarias doutra que a esixa, e sempre co percorrido mínimo indispensable para efectualo.

b) Invadir un cruzamento de vías.

c) Prohibese circular marcha atrás en sentido contrario ao estipulado nun tramo longo de vía.

3. - As infraccións ás normas deste precepto, cando constitúan un suposto de circulación en sentido contrario ao estipulado, terán a consideración de graves, exceptuando o parágrafo c) do punto 2 deste artigo que terá a consideración de moi grave.

Sección 6.ª Adiantamento

Artigo 31. Sentido do adiantamento

1. - En todas as vías obxecto desta ordenanza, como norma xeral, o adiantamento deberá efectuarse pola esquerda do vehículo que se pretenda adiantar.

2. - Por excepción, e se existe espazo abondo para iso, o adiantamento efectuarase pola dereita e adoptando as máximas precaucións, cando quen conduza o vehículo á que se pretenda adiantar estea a indicar claramente o seu propósito de cambiar de dirección á esquerda ou parar nese lado, así como nas vías con circulación en ambos os dous sentidos.

3. - As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves.

Artigo 32. Normas xerais do adiantamento

1. - Antes de iniciar un adiantamento que requira desprazamento lateral, a persoa condutora que se propoña adiantar deberá advertilo con suficiente antelación cos sinais preceptivos, e comprobar que no carril que pretende utilizar para o adiantamento existe espazo libre suficiente para que a manobra non poña en perigo nin entorpeza a quen circule en sentido contrario, tendo en conta a velocidade propia e ás das demais persoas usuarias afectadas. En caso contrario deberá absterse de efectuala.

2. - Tamén deberá asegurarse de que quen conduza o vehículo que lle precede no mesmo carril non indicou o seu propósito de desprazarse cara ao mesmo lado, en cuxo caso deberá respectar a preferencia que o asiste. Non obstante, se despois dun tempo prudencial a persoa condutora do citado vehículo non exercese o seu dereito prioritario, poderase iniciar a súa manobra de adiantamento advertíndollo previamente con sinal acústico ou óptico.

3. - Así mesmo, deberá asegurarse de que non se iniciou a manobra de adiantar ao seu vehículo por parte de ningunha persoa condutora que o siga polo mesmo carril, e de que dispón de espazo abondo para reintegrarse á súa man cando remate o adiantamento.

4. - Cando a calzada teña varios carrís de circulación no mesmo sentido, non se considerará adiantamento o feito de que os vehículos situados nun carril avancen máis que os que circulen pola esquerda.

5. Non se considerará adiantamento para os efectos desta ordenanza os producidos entre ciclistas que circulen en grupo.

6. - As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves.

Artigo 33. Execución do adiantamento

1. - Durante a execución do adiantamento, a persoa condutora que o efectúe deberá levar o seu vehículo a unha velocidade notoriamente superior á do que pretende adiantar, e deixar entre ambos os dous unha separación lateral suficiente para realizalo con seguridade.

2. - Se despois de iniciar a manobra de adiantamento advertise que se producen circunstancias que poidan facer difícil a finalización deste sen provocar riscos, reducirá rapidamente a súa marcha e regresará de novo á súa man, e advertirállelo aos que o seguen cos sinais preceptivos.

3. - A persoa condutora do vehículo que efectuou o adiantamento deberá reintegrarse ao seu carril tan pronto como lle sexa posible e de modo gradual, sen obrigarlles a outras persoas usuarias a modificar a súa traxectoria ou velocidade e advertirállelo a través dos sinais preceptivos.

4. - A infracción de normas deste precepto terá a consideración de grave.

Artigo 34. Vehículo adiantado

1. - A persoa condutora que advirta que outra que lle segue ten o propósito de adiantar o seu vehículo estará obrigada a cingirse ao bordo dereito da calzada, salvo no suposto de cambio de dirección á esquerda ou de parada nese mesmo lado, neste caso deberá cingirse á esquerda todo o posible, pero sen interferir a marcha dos vehículos que poidan circular en sentido contrario.

2. - Toda persoa condutora dun vehículo que vai ser adiantado non poderá aumentar a velocidade ou efectuar manobras que impidan ou dificulten o adiantamento.

Tamén estará obrigado a diminuír a velocidade do seu vehículo cando unha vez iniciada a manobra de adiantamento se produza algunha situación que entrañe perigo para o seu propio vehículo, para o vehículo que a está a efectuar, para os que circulan en sentido contrario ou para calquera outra persoa usuaria da vía.

3. - A infracción de normas deste precepto terá a consideración de grave.

Artigo 35. Prohibicións de adiantamento

Queda prohibido adiantar:

1. - Nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida e, en xeral, en todo lugar ou circunstancia en que a visibilidade dispoñible non sexa suficiente para poder efectuar a manobra ou desistir dela unha vez iniciada, a non ser que os dous sentidos de circulación estean claramente delimitados, e a manobra poida efectuarse sen invadir a zona reservada ao sentido contrario.
2. - Nos pasos para peóns sinalizados como tales, salvo que o adiantamento a calquera vehículo se realice a unha velocidade tan reducida que permita deterse a tempo se xurdise perigo de atropelo.
3. - Nas interseccións e nas súas proximidades, salvo cando:
 - a) Se trate dunha praza de circulación xiratoria.
 - b) O adiantamento deba efectuarse pola dereita, segundo o previsto no artigo 31.2 desta ordenanza.
 - c) A calzada na ue se realice goce de prioridade na intersección e haxa sinal expreso que o indique.
 - d) O adiantamento se realice a vehículos de dúas rodas.
4. - Queda prohibido adiantar pola dereita, dentro de poboado, en calzada de varios carrís de circulación no mesmo sentido creando perigo para outras persoas usuarias.
5. - Queda expresamente prohibido adiantar poñendo en perigo ou entorpecendo ciclistas que circulen en sentido contrario.
6. - Queda prohibido adiantar detrás dun vehículo que realiza a mesma manobra e que polas súas dimensións impide a visibilidade da parte dianteira da vía.
7. - Queda prohibido adiantar nun paso inferior, cando se dispoña dun só carril para o sentido de circulación do vehículo que se pretende adiantar.
8. - Queda prohibido superar un obstáculo situado no seu camiño ocupando o espazo disposto para o sentido contrario da súa marcha ocasionando unha situación de perigo.
9. - Queda prohibido circular en posición paralela con outro vehículo ao realizar un adiantamento, cando exceda a súa duración máis de 15 segundos ou se efectúe un percorrido de máis de 200 metros na devandita posición.

As infraccións deste precepto terán a consideración de graves.

Artigo 36. Supostos especiais de adiantamento

1. Cando nun tramo de vía en que estea prohibido o adiantamento se atope inmovilizado un vehículo que, en todo ou en parte, ocupe a calzada no carril do sentido da marcha e salvo que a inmovilización veña imposta polas necesidades do tráfico, poderá ser superado, aínda que para iso haxa de ocupar parte do carril esquerdo da calzada, despois de asegurarse de que se pode realizar a manobra sen perigo. Con idénticos requisitos, poderase adiantar a persoas condutoras de bicicletas, ciclos, ciclomotores, peóns, animais e vehículos de tracción animal, cando pola velocidade a que circulen poidan ser adiantados sen risco para eles nin para a circulación en xeral.

2. - Obstáculos

Igualmente, nas circunstancias sinaladas no parágrafo anterior, todo vehículo que atope no seu camiño un obstáculo que lle obrigue a desprazarse ao espazo disposto para o sentido contrario da súa marcha poderá superalo, sempre que se asegurara de que pode facelo sen perigo. Esta mesma precaución observárase cando o obstáculo ou o vehículo inmovilizado se atopen nun tramo de vía no que estea permitido o adiantamento.

3. - As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves.

Sección 7.ª Parada e estacionamento**Artigo 37. Normas xerais de paradas e estacionamento**

1. - Para os efectos desta ordenanza, enténdese por:

- a) Detención: a inmovilización dun vehículo por emerxencia, por necesidades da circulación ou para cumprir algún precepto regulamentario.
- b) Parada: inmovilización dun vehículo durante un tempo inferior a dous minutos, sen que a persoa condutora poida abandonalo para tomar ou deixar persoas ou cargar ou descargar cousas. Non se considerará parada a detención accidental ou momentánea polos motivos citados no inciso anterior.
- c) Estacionamento: enténdese por estacionamento toda inmovilización dun vehículo que non se atope en situación de detención ou de parada.

O estacionamento pode ser:

- Estacionamento en fila ou cordón: aquel en que os vehículos están situados un detrás doutro e paralelamente ao bordo da beirarrúa. A falta de sinalización, este será o modo xeral de estacionamento.
- Estacionamento en batería: aquel en que os vehículos están situados uns ao costado doutros e de forma perpendicular ao bordo da beirarrúa.
- Estacionamento en semibatería ou en diagonal: aquel en que os vehículos están situados uns ao costado doutros e oblicuamente ao bordo da beirarrúa.

Os estacionamentos en batería e en diagonal deberán estar sinalizados expresamente.

Modo e forma de execución

2. - A parada

a) Deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto de persoas usuarias da vía, coidando especialmente a súa colocación. En todo caso, a parada terá que facerse situando o vehículo o máis preto posible do bordo dereito segundo o sentido da marcha, aínda que en vías dun só sentido de circulación e se a sinalización non o impide, tamén poderá realizarse situando o vehículo o máis preto posible do bordo esquerdo e adoptando as medidas necesarias para evitar o entorpecemento da circulación.

b) As pasaxeiras e os pasaxeiros descenderán do vehículo polo lado correspondente á beirarrúa. Se quen conduce se vise na necesidade de descender do vehículo, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure de que poida facelo sen ningún tipo de perigo.

c) As paradas efectuadas nas zonas e vías públicas obxecto desta ordenanza efectuaranse nos puntos onde produzan menos dificultades á circulación.

Exceptúanse os casos nos que os pasaxeiros sexan persoas enfermas ou impedidas, cando se trate de vehículos dos servizos públicos de urxencia que se atopen de servizo, os das forzas e corpos de seguridade do Estado ou de camións do servizo de limpeza ou recollida de lixo.

d) Nas paradas en rúas urbanizadas sen beirarrúa, deixarase unha distancia mínima dun metro dende a fachada máis próxima.

e) Os vehículos autotaxi e de gran turismo pararán na forma e lugares determinados na ordenanza reguladora deste servizo, e se non con suxeición estrita ás normas que con carácter xeral se establecen nesta ordenanza para as paradas.

f) Os autobuses, tanto de liñas urbanas como interurbanas unicamente poderán deixar ou tomar viaxeiros nas paradas expresamente determinadas pola autoridade municipal.

g) As e os condutores de autobuses estarán obrigados a situar o vehículo dentro da zona delimitada para o efecto, o máis preto posible do bordo dereito da calzada, sen chegar en ningún caso a obstaculizar a circulación.

3. - O estacionamento

a) Deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto do persoal usuario da vía, coidando especialmente a súa colocación. En todo caso, o estacionamento terá que facerse situando o vehículo o máis preto posible do bordo dereito segundo o sentido da marcha, aínda que en vías dun só sentido de circulación e se a sinalización non o impide, tamén poderá realizarse situando o vehículo o máis preto posible do bordo esquerdo e adoptando as medidas necesarias para evitar o entorpecemento da circulación.

b) As persoas condutoras dos vehículos deberán evitar que este poida poñerse en movemento en ausencia da persoa condutora, e para tal obxecto deberán tomar as precaucións axeitadas e suficientes, e serán responsables das infraccións que se poidan chegar a producir como consecuencia dun cambio de situación do vehículo ao desprazarse ou poñerse en marcha espontaneamente, salvo pola acción de terceiros ou existira violencia manifesta.

c) O estacionamento efectuarase de tal forma que permita a execución das manobras de entrada e saída e permita a mellor utilización do espazo restante para outras persoas usuarias. Así mesmo, os estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos deberán colocarse dentro do perímetro marcado.

d) Non se poderán cambiar de situación os colectores, ciclomotores ou motocicletas, co obxecto de aparcar vehículos no lugar destes.

e) Non poderán colocarse obstáculos sobre a vía pública para reservar o seu uso.

4. - Normas especiais de estacionamento

a) Corresponderalle exclusivamente ao Concello autorizar a ordenación do estacionamento e a circulación naquelas vías de uso público, aínda que fosen de propiedade privada.

b) Os vehículos destinados ao transporte de persoas viaxeiras ou mercadorías con masa máxima autorizada (MMA) superior a 3.500 kg, así como calquera outro tipo de vehículos que polo seu volume oculten a fachada dos edificios ou poidan facilitar a escalada ao interior destes, non poderán estacionar nas vías públicas urbanas salvo nos lugares expresamente autorizados polo Concello.

c) O Concello poderá establecer, en determinadas zonas, réximes de estacionamento limitado no tempo, gratuítos ou de pagamento, regulados por discos de control, distintivos, parquímetros ou calquera outro sistema, como medio de ordenación do tránsito ou de selección deste para usos de certas actividades ou persoas.

O contido dos réximes de pagamento a que se refire o parágrafo anterior e as medidas correctoras precisas para o seu axeitado funcionamento son os que aparecen expresamente dispostos na súa regulación específica.

5. - Paradas e estacionamentos de transportes públicos

O réxime de autorización e sinalización de paradas e estacionamentos dos transportes públicos será o seguinte:

a) En canto ao autotaxi este rexerase de acordo co establecido na ordenanza municipal que regula este servizo.

b) O transporte escolar regularao a súa lexislación específica.

c) O transporte colectivo urbano de viaxeiras e viaxeiros e o de mercadorías dentro do termo municipal regularao a autoridade municipal.

Artigo 38. Prohibicións de parada e estacionamento

1. - Prohibense as paradas nos casos e lugares seguintes:

a) En todos aqueles lugares nos que así o estableza a sinalización existente. b) En dobre fila

c) Sobre as beirarrúas e nas zonas destinadas ao uso exclusivo de peóns.

d) A menos cinco metros dunha esquina, cruzamento, intersección ou bifurcación, salvo que a parada poida realizarse en chafráns ou fóra destes sen constituír obstáculo ou causar perigo para a circulación.

e) Cando a distancia entre o vehículo e o bordo oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre esta que indique prohibición de atravesala sexa inferior a 3 metros ou, en calquera caso, cando non permita o paso doutros vehículos.

f) Nos espazos reservados para vehículos de servizo público, organismos oficiais e servizos de urxencia.

g) Cando se impida a incorporación á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.

h) Cando se obstaculice a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmovible de persoas, prestando especial atención a persoas con discapacidades que teñen reducida a súa mobilidade, ou cando se impida a utilización dunha saída de vehículos debidamente sinalizada.

i) Cando se obstaculice o acceso ou saída a edificios, colexios, locais ou recintos destinados a espectáculos ou actos públicos, nas horas de celebración destes, e as saídas de emerxencia debidamente sinalizadas.

j) Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaxados nas beirarrúas.

k) No medio da calzada, aínda no suposto caso de que a súa anchura o permita, salvo que estea expresamente autorizado.

l) Cando se efectúe nas medianas, separadores, illotes, refuxios, zonas de protección ou outros elementos de canalización do tránsito.

m) Cando se impida o xiro autorizado polo sinal correspondente.

n) Nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida, e nas súas proximidades.

ñ) Nas pontes, pasos a nivel, pasos inferiores, pasos para ciclistas, pasos de peóns.

o) Nas interseccións e nas súas proximidades se se dificulta o xiro a outros vehículos ou se se xera perigo por falta de visibilidade.

p) En zonas sinalizadas para uso exclusivo de discapacitados.

q) Nos rebaixes da beirarrúa para o paso de persoas de mobilidade reducida. r) En zonas sinalizadas como pasos de peóns.

s) Nos lugares onde se lles impida a visibilidade da sinalización aos usuarios e usuarias a quen afecte ou obrigue a facer manobras antirreglamentarias.

t) Nos carrís ou partes da vía reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinadas persoas usuarias, ou sobre zonas axardinadas.

u) Nos carrís reservados ao transporte público urbano ou nos reservados para as bicicletas.

v) Nas zonas destinadas para estacionamento e parada de uso exclusivo para o transporte público urbano. w) No lado esquerdo da calzada nas vías de dobre sentido de circulación, tomando como referencia o sentido da marcha e desta maneira evitando a invasión do carril contrario.

x) Parar o vehículo de forma que non permita a mellor utilización do restante espazo dispoñible.

y) Calquera outra parada que orixine un perigo ou obstaculice gravemente a circulación de vehículos, peóns ou animais.

2. - Prohíbese o estacionamento nos casos e lugares seguintes:

a) En todos os descritos no parágrafo anterior deste artigo, nos que se prohíbe a parada.

b) En todos aqueles lugares nos que o prohiba a sinalización existente.

c) Cando teña lugar nunha zona reservada a carga e descarga, durante as horas de utilización, sen realizar as devanditas operacións, agás cando se trate de vehículos de persoas con mobilidade reducida, debidamente identificados e por un tempo máximo de 30 minutos.

d) Nas zonas reservadas para estacionamento de servizo público, organismos oficiais e servizos de urxencia ou policía.

e) Cando se efectúe en dobre fila.

f) Cando se efectúe nunha parada de transporte público sinalizada e delimitada.

g) Cando o estacionamento se efectúe no medio da calzada.

h) Cando se realice en zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas discapacitadas.

i) Cando se realice sobre: as beirarrúas, paseos e zonas destinadas ao paso de peóns.

j) Cando se obstaculice o acceso ou saída de vehículos dun local ou recinto debidamente legalizado e sinalizado con vao, ocupándoo total ou parcialmente.

k) Aos autobuses, caravanas, remolques, tractores, vehículos especiais e aos camións de MMA superior á que se determine na correspondente sinalización, en toda a zona urbana, salvo nos lugares destinados para tal efecto, así como os furgóns e demais vehículos voluminosos que, sen prexuízo do seu MMA, oculten as fachadas de edificios ou poidan facilitar o escalamento ao interior destes.

l) Nos lugares que impidan a retirada ou baleirado de colectores.

m) Nos lugares sinalizados temporalmente por obras, actos públicos ou deportivos.

n) Nas vías de circulación restrinxida durante as horas en que estea prohibido, de conformidade co establecido nas normas que as regulan.

ñ) En batería e diagonal, sen sinais que o autoricen.

o) En liña, cando o estacionamento se deba de efectuar en batería ou diagonal conforme á sinalización existente.

p) Na beiravía

q) Os remolques ou semirremolques, separados do vehículo tractor que os arrastra.

r) En condicións que dificulten a saída doutros vehículo estacionados regulamentariamente.

s) Diante dos lugares reservados para contedores do Servizo Municipal de Limpeza impedindo o acceso a iso ou a súa retirada.

t) No lado esquerdo da calzada nas vías de dobre sentido de circulación, tomando como referencia o sentido da marcha e desta maneira evitando a invasión do carril contrario.

u) Cando un vehículo permaneza estacionado na vía pública para a súa venda ou alugamento, excepto que conte coa preceptiva autorización municipal recollida na Ordenanza de espazos públicos dedicados á venda ambulante, ou con fins fundamentalmente publicitarios, ou dende o cal se proceda a efectuar actividades ilícitas, tales como venda ambulante non autorizada, así como a reparación non puntual de vehículos na vía pública.

v) Estacionar o vehículo de forma que non permita a mellor utilización do restante espazo dispoñible.

w) Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria nos seguintes casos:

1) Carecer do ticket correspondente á taxa establecida ou non o colocar nun lugar visible.

2) Superar o tempo establecido no ticket de estacionamento.

3) Estacionar fóra do perímetro sinalizado na calzada como praza de estacionamento.

4) Permanecer estacionado máis do tempo regulado segundo o tipo de uso.

- 5) Estacionar nunha zona de residente sen ter que exposto o dispositivo que acredite esta condición, ou tendo o devandito dispositivo colocado estacione nunha zona de residente distinta á que el teña asignada.
- 6) Non coincidir a matrícula do vehículo coa impresa na tarxeta de residente.
- 7) Usar unha tarxeta de residente ou ticket de expendedor falsificado ou manipulado.

3. - Os supostos de paradas e estacionamentos en lugares perigosos ou obstaculizando gravemente a circulación, ou constitúan un perigo ou obstaculicen gravemente o tránsito de peóns, vehículos ou animais, teñen a consideración de infraccións graves.

Artigo 39. Normas especiais de estacionamento para vehículos de dúas rodas

Os vehículos de dúas rodas estarán suxeitos, ademais, ás normas seguintes:

- a) Deberán estacionar en batería cun ángulo tal que, en ningún caso, ocupen máis de 1,5 metros ao longo da calzada nos lugares de libre estacionamento, sen prexuízo de que se existisen espazos reservados para este tipo de vehículos nas proximidades que deberán utilizarse.
- b) Queda prohibido o estacionamento entre outros vehículos de tal maneira que impidan o acceso a estes ou obstaculicen as manobras de estacionamento ou incorporación á circulación.
- c) Queda prohibido o estacionamento de vehículos de dúas rodas con motor de forma que estes vehículos queden encadeados ou atados a calquera elemento da vía non destinado a tal fin. A estes efectos o Concello disporá de elementos de inmovilización de bicicletas nas ubicacións que figuran no Anexo IV sen prexuízo das novas ubicacións que a proposta dos usuarios se puideran materializar en función das características da vía cumprindo o disposto en materia de supresión de barreiras e itinerarios accesibles pola normativa vixente en cada momento.

Artigo 40. Das tarxetas de estacionamento para persoas discapacitadas

O Concello no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 7 da Lei de seguridade viaria, e en virtude do disposto no artigo 60 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social das persoas discapacitadas, adoptará as medidas necesarias para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas discapacitadas con problemas graves de mobilidade, segundo o modelo determinado regulamentariamente, e terá validez para todo o territorio nacional. A devandita tarxeta permitiralle a/o titular estacionar o vehículo nos lugares especialmente reservados para persoas con mobilidade reducida, salvo nos que estean destinadas a un vehículo determinado ou nos debidamente sinalizados para estacionamento con limitación temporal e carga e descarga.

Cando a persoa titular da tarxeta sexa física poderá utilizala en calquera vehículo en que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa titular da devandita tarxeta a persoa condutora do vehículo ou non, sempre que dita utilización por parte dunha persoa allea ao titular estea debidamente xustificada e directamente relacionada co desprazamento ou necesidade do titular da mesma.

Cando a ou o titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica deberán incluírse na tarxeta as matrículas dos vehículos habilitados para transportar as persoas con graves problemas de mobilidade.

Cando se faga uso dos dereitos que outorga a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, esta deberá colocarse nun lugar visible do vehículo.

Sección 8.^a Utilización da alumeado

Artigo 41. Uso obrigatorio do alumeado

1. - Todos os vehículos que circulen entre a posta e a saída do sol ou a calquera hora do día nos aparcadoiros subterráneos deben levar aceso o alumeado que corresponda conforme ao regulamentariamente establecido.

Con independencia do anteriormente exposto, e aínda tendo en conta que non é obrigatorio, recoméndase o emprego do alumeado de poboación durante todo o día para facilitar a visibilidade e mellorar a seguridade do tráfico no municipio.

2. - Todo vehículo que, por calquera circunstancia, se atope inmovilizado entre a posta e a saída do sol ou baixo as condicións a que se refire o artigo 42.1 desta ordenanza, na calzada ou beiravía dunha vía, ou nunha travesía insuficientemente iluminada, deberá ter acendidas as luces de posición, e se é o caso as de gálibo. Nas vías urbanas que non sexan travesías non será obrigatorio que os vehículos estacionados teñan acendidas as luces de posición.

3. - O alumeado de longo alcance ou de estrada deberá ser substituído polo de curto alcance ou de cruzamento tan pronto como se aprecie a posibilidade de producir deslumbramento a outras persoas usuarias da mesma vía ou de calquera outra vía de comunicación, e moi especialmente ás e aos condutores de vehículos que circulen en sentido contrario, e aínda que estes non cumpran esta prescrición, non restablecendo o alumeado de estrada ata superar, no cruzamento, a posición do vehículo cruzado.

a) A mesma precaución gardarase respecto aos vehículos que circulen no mesmo sentido e as súas persoas condutores poidan ser deslumbradas a través do espello retrovisor.

b) En caso de deslumbramento, a persoa condutora que o sufra reducirá a velocidade o necesario e mesmo ata a detención total, para evitar o alcance de vehículos ou peóns que circulen no mesmo sentido.

4. - Todo vehículo que circule co alumeado regulamentario acendido deberá levar tamén iluminada a placa posterior de matrícula e, se é o caso, as outras placas ou distintivos iluminados dos que regulamentariamente teña que estar dotado, tendo en conta as súas características ou o servizo que presten.

5. - Tamén deberán levar acendido durante o resto do día o alumeado que regulamentariamente establecido:

a) As motocicletas que circulen por calquera vía obxecto desta ordenanza.

b) As bicicletas estarán dotadas dos elementos reflectores debidamente homologados que regulamentariamente se determinen e que deberán posuír estes vehículos de acordo coa devandita normativa.

Cando sexa obrigatorio o uso de alumeado, quen conduza bicicletas, ademais, levará colocada algunha peza de roupa reflectora.

c) Todos os vehículos que circulen por un carril reversible, temporal ou permanente, ou en sentido contrario ao normalmente utilizado na calzada onde se atope situado, ben sexa un carril que lles estea exclusivamente reservado ou ben aberto excepcionalmente á circulación no devandito sentido.

6. - A circulación sen alumeado en situacións de falta ou diminución de visibilidade ou producindo deslumbramento ao resto das persoas usuarias da vía terá a consideración de infracción grave.

Artigo 42. Supostos especiais de alumeado

1. - Tamén será obrigatorio utilizar o alumeado regulamentariamente establecido cando existan condicións meteorolóxicas ou ambientais que diminúan sensiblemente a visibilidade, como en caso de néboa, chuvia intensa, nevada, nubes de fume ou de po ou calquera outra circunstancia análoga.

2. - Prohíbese circular co alumeado de néboa cando non existan as condicións meteorolóxicas ou ambientais que esixan a súa utilización.

3. - A circulación sen alumeado en situacións de falta ou diminución de visibilidade ou producindo deslumbramento ao resto das persoas usuarias da vía terá a consideración de infracción grave.

CAPÍTULO III

Outras normas de circulación

Sección 1.ª Medidas de seguridade e auxilio en accidentes

Artigo 43. Portas

1. - Prohíbese levar abertas as portas do vehículo, abrílas antes da súa completa inmovilización e abrílas ou apearse deste sen asegurarse previamente de que iso non implica perigo ou entorpecemento para outras persoas usuarias, especialmente cando se refire a condutoras e condutores de vehículos de dúas rodas.

2. - Como norma xeral, entrarase e sairase do vehículo polo lado máis próximo ao bordo da vía e só cando aquel estea parado.

Se a persoa condutora se vise na necesidade de descender do vehículo, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure de que poida facelo sen ningún tipo de perigo.

3. - Prohíbese manipular as portas dun vehículo de transporte colectivo de viaxeiros sen estar autorizado para iso.

Artigo 44. Apagado do motor

1. Aínda cando a persoa condutora non abandone o seu posto, deberá parar o motor sempre que o vehículo se atope detido no interior dun túnel ou en lugar pechado e durante a carga de combustible.

2. Toda persoa condutora que se vexa obrigada a permanecer co seu vehículo detido no interior dun túnel ou doutro lugar pechado, por un período de tempo superior a dous minutos, deberá interromper o funcionamento do motor ata que poida proseguir a marcha, conservando acendido o alumeado de posición.

3. Para cargar combustible no depósito dun vehículo, este debe ter o motor parado.

As persoas propietarias de aparatos distribuidores de combustibles ou as empregadas destes últimos non poderán facilitar os combustibles para a súa carga se non está parado o motor e apagadas as luces dos vehículos, os sistemas eléctricos como a radio e os dispositivos emisores de radiación electromagnética como os teléfonos móbiles.

4. En ausencia das persoas propietarias de aparatos distribuidores de combustibles ou empregadas destas últimas, quen conduza o vehículo ou, se é o caso, a persoa que vaia cargar o combustible no vehículo deberá cumprir os mesmos requisitos establecidos no parágrafo anterior.

Artigo 45. Cinto, casco e restantes elementos de seguridade**Uso do Cinto**

1. - As persoas condutoras e ocupantes de vehículos de motor e ciclomotores están obrigadas a utilizar o cinto de seguridade, o casco e demais elementos de protección nos casos e condicións que se determinan nos parágrafos seguintes.

2. Utilizaranse cintos de seguridade ou outros sistemas de retención homologados, correctamente abrochados, tanto na circulación por vías urbanas coma interurbanas:

a) Por quen conduza e polas pasaxeiras e polos pasaxeiros:

1º) Dos turismos.

2º) Daqueles vehículos con masa máxima autorizada de ata 3.500 quilogramos que, conservando as características esenciais dos turismos, estean dispostos para o transporte, simultáneo ou non, de persoas e mercadorías.

3º) Das motocicletas e motocicletas con sidecar, ciclomotores, vehículos de tres rodas e cuadríciclos, cando estean dotados de estrutura de protección e cintos de seguridade, e así conste na correspondente tarxeta de inspección técnica.

b) Por quen conduza e polas pasaxeiras e pasaxeiros dos asentos equipados con cintos de seguridade ou outros sistemas de retención homologados dos vehículos destinados ao transporte de mercadorías e dos vehículos mixtos.

c) Por quen conduza e polas pasaxeiras e pasaxeiros de máis de tres anos de idade dos asentos equipados con cintos de seguridade ou outros sistemas de retención homologados dos vehículos destinados ao transporte de persoas de máis de nove prazas, incluído quen conduza.

3. A utilización dos cintos de seguridade e outros sistemas de retención homologados por determinadas persoas en función do seu talle e idade, agás nos vehículos de máis de nove prazas, incluído quen conduza, axustarase ás seguintes prescricións:

a) Respecto dos asentos dianteiros do vehículo:

Queda prohibido circular con menores de doce anos e cunha altura inferior a 135 centímetros situados nos asentos dianteiros do vehículo, salvo que utilicen dispositivos homologados para o efecto. Excepcionalmente, cando a súa estatura sexa igual ou superior a 135 centímetros, as persoas menores de doce anos poderán utilizar como tal dispositivo o propio cinto de seguridade para adultas e adultos de que estean dotados os asentos dianteiros.

b) Respecto dos asentos traseiros do vehículo:

1º As persoas cuxa estatura non alcance os 135 centímetros deberán utilizar obrigatoriamente un dispositivo de retención homologado adaptado ao seu talle e ao seu peso.

2º As persoas cuxa estatura sexa igual ou superior a 135 centímetros e non superen os 150 centímetros poderán utilizar indistintamente un dispositivo de retención homologado adaptado ao seu talle e ao seu peso ou o cinto de seguridade para persoas adultas.

c) As nenas e os nenos non poderán utilizar un dispositivo de retención orientado cara a atrás instalado nun asento do pasaxeiro protexido cun «airbag» frontal, a menos que fose desactivado, condición que se cumprirá tamén no caso de que o devandito airbag se desactivase axeitadamente de forma automática.

4. - As pasaxeiras e pasaxeiros de máis de tres anos de idade cuxa estatura non alcance os 135 centímetros deberán utilizar os cintos de seguridade ou outros sistemas de retención homologados instalados nos vehículos de máis de nove prazas, incluído quen conduza, sempre que sexan adecuados ao seu talle e peso.

5. - Nos vehículos a que se refiren o parágrafo 2.a) 1º e 2º e b) que non estean provistos de dispositivos de seguridade, non poderán viaxar menores de tres anos de idade. Ademais, as e os maiores de tres anos que non alcancen os 135 centímetros de estatura deberán ocupar un asento traseiro.

6. - As infraccións ás normas de utilización dos cintos de seguridade, o casco e outros dispositivos de seguridade de uso obrigatorio terán a consideración de graves, agás o feito de non levar instalado o vehículo os cintos de seguridade cando sexa obrigatorio de acordo co disposto nas normas reguladoras dos vehículos, que terá a consideración de infracción moi grave.

Exencións do uso do cinto:

1. - Non obstante o disposto no artigo 45 desta ordenanza, poderán circular sen os cintos ou outros sistemas de retención homologados:

a) As e os condutores, ao efectuar a manobra de marcha atrás ou de estacionamento.

b) As persoas provistas dun certificado de exención por razóns médicas graves ou discapacitadas. Este certificado deberá ser presentado cando o requira calquera axente da autoridade responsable do tráfico. Todo certificado deste tipo expedido pola autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea será válido en España acompañado da súa tradución oficial.

2. - A exención alcanzará igualmente cando circulen en poboado, pero en ningún caso cando o fagan por autoestradas, autovías ou estradas convencionais, a:

a) As e os condutores de taxis cando estean de servizo. Así mesmo, cando circulen en tráfico urbano ou áreas urbanas de grandes cidades, poderán transportar a persoas cuxa estatura non alcancen os 135 centímetros sen utilizar un dispositivo de retención homologado adaptado ao seu talle e ao seu peso, sempre que ocupen un asento traseiro.

b) Quen distribúa mercadorías, cando realice sucesivas operacións de carga e descarga de mercadorías en lugares situados a curta distancia uns doutros.

c) As e os condutores e as pasaxeiras e os pasaxeiros dos vehículos en servizos de urxencia.

d) As persoas que acompañen unha ou un alumno ou aprendiz durante a aprendizaxe da condución ou as probas de aptitude e estean a cargo dos mandos adicionais do automóbil, responsabilizándose da seguridade da circulación.

Artigo 46. Uso do casco e outros elementos de protección

1.- As e os condutores e as pasaxeiras e os pasaxeiros de motocicletas ou motocicletas con sidecar, de vehículos de tres rodas e cuadriciclos, de ciclomotores e de vehículos especiais tipo "quad" deberán utilizar axeitadamente cascos de protección homologados ou certificados segundo a lexislación vixente, cando circulen tanto en vías urbanas como en interurbanas.

As condutoras e os condutores de bicicletas e, se é o caso, as persoas ocupantes estarán obrigadas a utilizar cascos de protección homologados ou certificados segundo a lexislación vixente, cando circulen en vías interurbanas, salvo en ramplas ascendentes prolongadas ou por razóns médicas que se acreditarán conforme establece o artigo 119.3 do RXC, ou en condicións extremas de calor.

As condutoras e os condutores de bicicletas en competición e as e os ciclistas profesionais xa sexa durante os adestramentos ou en competición rexeranse polas súas propias normas.

2.- Eximiráselles do disposto no parágrafo 1 ás persoas provistas dun certificado de exención por razóns médicas graves. Este certificado deberá expresar o seu período de validez e estar asinado por un facultativo colexiado en exercicio. Deberá, ademais, levar ou incorporar o símbolo establecido pola normativa vixente, e será presentado cando o requira calquera axente da autoridade encargado da vixilancia do tráfico.

Artigo 47. Auxilio e accidentes

1.- As persoas usuarias das vías que se vexan implicadas nun accidente de tráfico, o presencien ou teñan coñecemento del, estarán obrigadas a auxiliar ou solicitar auxilio para atender as vítimas, se as houbese, prestar a súa colaboración para evitar maiores perigos ou danos, restablecer, na medida do posible, a seguridade da circulación, e esclarecer os feitos.

2.- Se por causa de accidente ou avaría, o vehículo ou a súa carga obstaculizasen a calzada, as e os condutores, tras sinalizar convenientemente o vehículo ou o obstáculo creado, adoptarán as medidas necesarias para que sexa retirado no menor tempo posible, debendo sacalo da calzada e situalo cumprindo as normas de estacionamento sempre que sexa factible.

3.- Toda persoa usuaria das vías implicada nun accidente adoptará ademais as seguintes medidas:

a) Deter o seu vehículo tan pronto como sexa posible sen crear perigo para a circulación ou as persoas.

b) Sinalizar de forma visible para o resto de persoal usuario da vía a situación de accidente ou avaría.

c) Avisar a axentes da autoridade se aparentemente houbese persoas feridas ou mortas.

d) Tratar de manter ou restablecer na medida do posible a circulación ata que cheguen axentes da autoridade.

e) Prestarlles ás e aos feridos o auxilio que resulte máis axeitado segundo as circunstancias e especialmente solicitar auxilio sanitario dos servizos existentes para o efecto.

f) No suposto de que resultase morta ou ferida algunha persoa, sempre que iso non supoña un perigo para a circulación e as persoas, deberá de evitar a modificación do estado das cousas e a desaparición de pegadas que puidesen resultar de utilidade para a determinación das responsabilidades.

g) Non abandonar o lugar do accidente ata que cheguen axentes da autoridade, a non ser que as feridas producidas sexan leves ou non precisen asistencia sanitaria e ningunha das persoas afectadas o soliciten, sempre e cando a seguridade do tráfico quede restablecida.

h) Facilitar os datos precisos sobre a súa identidade, a do seu vehículo, a da entidade aseguradora e número de póliza do seguro obrigatorio do vehículo, se así o requirisen outras persoas implicadas no accidente.

4.- A persoa condutora que causase algún dano a calquera vehículo estacionado sen condutor/a procurará localizar e advertirlle ao interesado do dano causado e facilitarlle a súa identidade inmediatamente. No suposto de que a devandita localización non resultase posible, deberá comunicarllo á Policía Local inmediatamente.

5.- A persoa condutora que produza danos en sinais reguladores da circulación, puntos de luz ou calquera outro elemento do mobiliario urbano virá obrigada a comunicarllo á Autoridade Municipal no prazo máis breve posible.

Sección 2.ª Restricións á circulación

Artigo 48. Peóns

1.- As e os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non existise ou non fose practicable, en cuxo caso poderán facelo pola beiravía ou, se non, pola calzada, gozando sempre de preferencia as persoas con discapacidade ou mobilidade reducida e os que se despracen en cadeiras de rodas.

Excepcionalmente, tamén poderán circular pola calzada, sempre que adopten as debidas precaucións e non produzan perturbación grave na circulación, nos supostos seguintes:

a) Cando leven obxectos voluminosos que puidesen constituír, se circulasen pola beirarrúa, un estorbo de importancia para os/as demais peóns.

b) Os grupos de peóns dirixidos por unha persoa ou que formen un cortexo.

c) As persoas discapacitadas que se despracen nunha cadeira de rodas con ou sen motor, a velocidade do paso humano.

d) Os grupos formados por escolares e os seus acompañantes deberán utilizar os itinerarios escolares previamente definidos polo Concello e ser respetados nos termos establecidos na Ordenanza de Policía.

2.- Todo peón debe circular pola beirarrúa. Cando non existan zonas para o tránsito de peóns, estes farano, con prudencia, pola esquerda da calzada nas vías interurbanas e polos laterais nas urbanas.

En horas de escasa visibilidade e en vías interurbanas insuficientemente iluminadas, as e os peóns que transiten pola beiravía ou pola calzada deberán sinalizar a súa presenza mediante luces ou elementos reflectores.

3.- Como norma xeral, para atravesar a calzada as e os peóns deben camiñar perpendicularmente ao eixe desta, non se demorarán nin se deterán nela sen necesidade, e non lles entorpecerán o paso ás demais persoas. As e os peóns non poderán atravesar as prazas e glorietas pola súa calzada, debendo rodealas.

4.- En zonas onde existan pasos para peóns, os que se dispoñan a atravesar a calzada deberán facelo precisamente por eles, sen que poidan efectualo polas proximidades e, cando tales pasos sexan a nivel, observaranse, ademais, as regras seguintes:

a) Nos pasos regulados por semáforos, deberán obedecer as indicacións das luces, evitando iniciar a marcha ata que o sinal verde dirixido a eles o autorice e cando este comece a pestanexar ao final do seu ciclo.

b) Nos pasos regulados por axente, deberán, en todo caso, obedecer as indicacións que sobre o particular efectúe este.

c) Nos restantes pasos para peóns sinalizados mediante a correspondente marca viaria, aínda que teñen preferencia, só deben cruzar a calzada cando a distancia e a velocidade dos vehículos que se aproximen permitan facelo con seguridade.

5.- Cando non exista paso para peóns sinalizado nas proximidades, o cruzamento efectuarase polas esquinas e en dirección perpendicular ao eixe da vía. Antes de iniciarse o cruzamento, deberán asegurarse de que poidan facelo sen risco nin entorpecemento indebido.

6.- As e os peóns ao apercibirse dos sinais ópticos e acústicos dos vehículos prioritarios despexarán a calzada, e permanecerán nos refuxios ou zonas peonís.

7.- Está prohibida a circulación de toda clase de vehículos polas beirarrúas e demais zonas peonís, salvo nas excepcións previstas nesta ordenanza.

As infraccións en relación con esta materia terán a consideración de infraccións leves, exceptuando o punto 7 deste artigo que terá a consideración de grave.

O regulado no apartado 1 non terá a consideración de infracción.

Artigo 49. Animais

1.- Prohíbese o tránsito de animais de tiro, carga ou cadeira, cabezas de gando illadas, en manda ou rabaño, en toda a zona urbana, salvo autorización municipal expresa.

2.- Igualmente, prohíbese a circulación de vehículos de tracción animal polas vías urbanas, agás nos casos autorizados previamente polo Concello.

3.- Prohíbese deixar animais en calquera clase de vía ou nas súas inmediacións sempre que exista a posibilidade de que estes poidan invadir a vía.

4.- En canto aos demais usos e comportamentos de animais na vía pública, serán de aplicación as normas existentes na lexislación vixente que regula esta materia.

As infraccións en relación con esta materia terán a consideración de infraccións leves.

Artigo 50. Vehículos de transportes especiais e mercadorías perigosas.

1.- As limitacións á circulación referidas aos vehículos de determinadas categorías, establecendo itinerarios de acceso e saída a terminais, paradas, estacionamentos e demais medidas que lles afectan, serán as recollidas na lexislación vixente para tal efecto.

2.- En calquera caso, queda prohibida, salvo autorización municipal expresa, a circulación polas vías urbanas de:

a) Os vehículos que transporten mercancías perigosas en tránsito.

b) Os vehículos cunha masa máxima autorizada superior ao establecido na correspondente sinalización, tanto no referente ao interior do recinto amurallado como ás demais vías do núcleo urbano e resto do municipio.

3.- Os vehículos de repartición de gasóleos e os seus derivados, así como de osíxeno e derivados, deberán de proveerse da correspondente autorización expedida pola autoridade municipal, para levar a cabo a dita repartición.

4.- En canto ás infraccións a este precepto, aplicárase, ademais, o disposto para elas na lexislación vixente

Artigo 51. Vías de circulación restrinxida

1.- Son vías de circulación restrinxida aquelas declaradas como tales polo Concello e nas que a circulación de vehículos de motor está prohibida, ben durante unhas horas ben de forma permanente, quedando sempre a salvo o acceso de vehículos de servizos de emerxencia. Os diferentes graos de restrición son os seguintes:

a) Son vías de circulación permanentemente prohibida aquelas nas que esta abrangue as 24 horas e estean sinalizadas expresamente. O Concello, ademais, poderá proceder á colocación de fitos, fixos ou abatibles, ou outros elementos que impidan o acceso físico dos vehículos.

b) Son vías de circulación parcialmente prohibida aquelas nas que se permite o acceso durante certas horas do día e cuxo horario deberá figurar na sinalización correspondente. Durante as horas en que non rexa a prohibición, o acceso de vehículos será libre.

c) Son vías peonís aquelas cuxo uso está reservado para o paseo de peóns e expresamente sinalizadas como tales, con exclusión da circulación rodada, exceptuando aqueles vehículos debidamente autorizados e os ciclos e bicicletas, que poderán circular por estas vías debendo de facelo a unha velocidade inferior aos 10 km/h, gardando unha distancia prudencial cos peóns e sen realizar cambios bruscos de dirección nin outras manobras que poidan causar prexuízo ás demais persoas usuarias.

2.- Queda prohibido o estacionamento nas vías citadas, salvo o tempo necesario para efectuar as operacións de carga e descarga que se rexerán polo disposto na sección específica desta ordenanza.

Sección 3.^a Normas especiais para ciclos, ciclomotores, motocicletas e bicicletas

Artigo 52. Ciclos, ciclomotores, motocicletas e outros

1. Os ciclos que, por construción, non poidan ser ocupados por máis dunha persoa poderán transportar, non obstante, cando a persoa condutora sexa maior de idade, un/unha menor de ata sete anos en asento adicional que haberá de ser homologado.

2. Nos ciclomotores e nas motocicletas, ademais da persoa condutora e, se é o caso, da persoa ocupante do sidecar destas, pode viaxar, sempre que así conste na súa licenza ou permiso de circulación, unha pasaxeira ou pasaxeiro que sexa maior de 12 anos, utilice casco de protección e cumpra as seguintes condicións:

a) Que vaia a carranchapernas e cos pés apoiados nos repousapés laterais.

b) Que utilice o asento correspondente detrás de quen conduza.

En ningún caso poderá situarse a pasaxeira ou o pasaxeiro en lugar intermedio entre a persoa que conduce e o guiador de dirección do ciclomotor ou motocicleta.

3. Excepcionalmente, as persoas maiores de sete anos poderán circular en motocicletas ou ciclomotores conducidos polo seu pai, nai ou titora ou titor ou por persoas maiores de idade por eles autorizadas, sempre que utilicen casco homologado e se cumpran as prescricións do parágrafo anterior.

4. As motocicletas, os vehículos de tres rodas, os ciclomotores e os ciclos e bicicletas poderán arrastrar un remolque ou semirremolque, sempre que non superen o 50 por 100 da masa en baleiro do vehículo tractor e se cumpran as seguintes condicións:

a) Que a circulación sexa de día e en condicións que non diminúan a visibilidade.

b) Que a velocidade a que se circule nestas condicións quede reducida nun 10 por 100 respecto ás velocidades xenéricas que para estes vehículos se establecen.

Artigo 53. Normas específicas para bicicletas

1. - Quen conduza bicicletas axustarase en todo ás mesmas normas que regulan a circulación dos demais vehículos nesta ordenanza.

Non obstante, as e os menores de doce anos poderán guiar ciclos e bicicletas polas beirarrúas sempre e cando non causen prexuízos ou poñan en risco a integridade física das e dos viandantes e circulen a velocidade de paso dos peóns, gardando unha distancia prudencial das saídas dos inmobles.

A e o ciclista unicamente terá a consideración de peón cando circule a pé.

2. - As bicicletas ademais da obriga de circular con luces de posición diante e detrás en horas nocturnas deberán dispoñer dos elementos reflectores sinalados no artigo 41 desta ordenanza en vías interurbanas.

Artigo 54. Espazos especiais para a circulación de bicicletas

1. - Cando exista unha vía expresamente sinalizada para uso exclusivo de bicicletas, estas terán prioridade sobre os demais vehículos e sobre peóns, e deberán utilizala obrigatoriamente, e non poderán circular polo resto da calzada.

2. - Os espazos de uso compartido por bicicletas e peóns, ademais dos parques, zonas peonís e prazas de uso público, serán aqueles que estean debidamente sinalizados. Neste caso a velocidade das bicicletas deberá axustarse ao paso das e dos peóns, os cales sempre terán prioridade en caso de conflito. No caso en que a distancia entre a e/ou o ciclista e as e os peóns non poida ser como mínimo de 1 metro, a e/ou o ciclista deberá descender do seu vehículo e circular a pé de forma que se garanta a seguridade das e dos peóns. Excepcionalmente, e cando así se indique mediante sinalización específica, estará permitida a circulación de bicicletas pola beirarrúa.

Artigo 55. Prohibicións específicas para ciclos

Sen prexuízo do establecido nos artigos anteriores, como norma xeral, prohíbese:

- a) Circular co vehículo apoiado nunha soa roda.
- b) Transportar na bicicleta obxectos que dificulten o seu manexo ou reduzan a visibilidade.
- c) Transportar outra persoa agás a menores de 7 anos nas condicións anteriormente citadas.
- d) Soltar o guiador agás para sinalizar unha manobra.
- e) Circular zigzagueando entre vehículos ou peóns.
- f) Agarrarse a outros vehículos para ser remolcados.

As infraccións a este precepto terán a consideración de leves.

Artigo 56. Circulación de aparatos de mobilidade persoal

1. - Como norma xeral, os aparatos de mobilidade persoal sen motor (monopatíns, patíns, patinetes e similares, entre outros) non poderán circular pola calzada, farano unicamente polas beirarrúas e zonas peonís, e sempre que non haxa aglomeración de persoas, e non poderán invadir carrís de circulación, salvo que existan zonas, vías ou parte destas que lles estean especialmente destinadas. Deberán acomodar a súa marcha á dos peóns evitando en todo momento causar molestias ou crear perigo, e en ningún caso gozarán de prioridade respecto ás e aos peóns; estes aparatos en ningún caso se permitirá que sexan arrastrados por outros vehículos.

2. - Con estes aparatos non se poderá circular sobre mobiliario urbano, tales como bancos, varandas ou similares.

3. - Esta mesma normativa será de aplicación aos patíns eléctricos e análogos debidamente homologados e autorizados conforme á normativa vixente.

As infraccións a este precepto terán a consideración de leves.

CAPÍTULO IV**Do transporte de persoas, mercadorías ou cousas e da carga de vehículos****Sección 1.ª Transporte de persoas****Artigo 57. Do transporte de persoas**

1. - O número de persoas transportadas nun vehículo non poderá ser superior ao das prazas autorizadas, nos vehículos de servizo público, e nos autobuses deberá estar sinalado en placas colocadas no seu interior, sen que, en ningún caso, poida superarse, entre viaxeiros e equipaxes, a masa máxima autorizada para o vehículo.

2. - Para os efectos de cómputo do número de persoas transportadas nos vehículos autorizados para transporte escolar e de menores, estarase ao establecido na normativa específica sobre esta materia.

3. - As infraccións a este precepto en canto implique unha ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50% o número de prazas autorizadas, excluída a da persoa condutora, con excepción dos autobuses das liñas urbanas e interurbanas, terán a consideración de graves, e as e os axentes da autoridade procederán á inmovilización do vehículo, que o manterán inmovilizado mentres subsista a causa da infracción.

Artigo 58. Colocación e acondicionamento das persoas

1. - Queda prohibido circular con menores de 12 anos situados nos asentos dianteiros do vehículo, salvo que utilicen asentos de seguridade para menores ou outros dispositivos concibidos especificamente para iso e debidamente homologados para o efecto. Excepcionalmente, cando a súa estatura sexa igual ou superior a 135 cm, as e os menores de 12 anos poderán utilizar como tal dispositivo o propio cinto de seguridade para persoas adultas de que estean dotados os asentos dianteiros.

2. - Está prohibido transportar persoas en lugar distinto do destinado e acondicionado para elas nos vehículos.

3. - Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos vehículos de transporte de mercadorías ou cousas, poderán viaxar persoas no lugar reservado á carga, nas condicións que se establecen nas disposicións que regulan a materia.

4. - Os vehículos autorizados a transportar simultaneamente persoas e carga deberán estar provistos dunha protección axeitada á carga que transporten, de maneira que non estorbe ás persoas ocupantes nin poida danalas en caso de ser proxectada. A devandita protección axustarase ao previsto na lexislación reguladora dos vehículos.

5.- O feito de non levar instalada a protección a que se refire o parágrafo anterior será sancionado como infracción grave.

Artigo 59. Transporte colectivo de persoas

1. A persoa condutora deberá efectuar as paradas e arrancadas sen sacudidas nin movementos bruscos, o máis preto posible do bordo dereito da calzada, e absterase de realizar acto ningún que o poida distraer durante a marcha; a persoa condutora e, se é o caso, o encargado, tanto durante a marcha coma nas subidas e baixadas, velarán pola seguridade das e dos viaxeiros.

2. Nos vehículos destinados ao servizo público de transporte colectivo de persoas, prohíbeselles ás e aos viaxeiros:

- a) Distraer a quen conduza durante a marcha do vehículo.
- b) Entrar ou saír do vehículo por lugares distintos aos destinados, respectivamente, a estes fins.
- c) Entrar no vehículo cando se faga a advertencia de que está completo.
- d) Dificultar innecesariamente o paso nos lugares destinados ao tránsito de persoas.
- e) Levar consigo calquera animal, salvo que exista no vehículo lugar destinado para o seu transporte.

Exceptúanse desta prohibición, sempre baixo a súa responsabilidade, ás persoas invidentes acompañadas de cans, especialmente adestrados como guías de cegos.

f) Levar materias ou obxectos perigosos en condicións distintas das establecidas na regulación específica sobre a materia.

g) Desatender as instrucións que, sobre o servizo, dean a quen conduza ou a quen sexa a encargada do vehículo. A persoa condutora e, se é o caso, o encargado dos vehículos destinados ao servizo público de transporte colectivo de persoas deben prohibir a entrada e ordenar a súa saída ao público viaxeiro que incumpra os preceptos establecidos neste parágrafo.

As infraccións en relación con esta materia terán a consideración de infraccións leves.

Sección 2.ª Transporte de mercadorías ou cousas

Artigo 60. Dimensións do vehículo e a súa carga

1. - En ningún caso, a lonxitude, anchura e altura dos vehículos e a súa carga excederá da sinalada nas normas reguladoras dos vehículos ou para a vía pola que circula.

2. - O transporte de cargas que inevitablemente superen os límites sinalados no parágrafo anterior deberá realizarse mediante autorizacións especiais que determinarán as condicións en que deba efectuarse.

3. - As infraccións ás normas deste precepto serán reguladas de acordo co establecido no artigo 14 do Regulamento xeral de vehículos.

Artigo 61. Disposición da carga

1. - A carga transportada nun vehículo así como os accesorios que se utilicen para o seu acondicionamento ou protección deben estar dispostos ou suxeitos de tal forma que non poidan:

- a) Arrastrar, caer total ou parcialmente, ou desprazarse.
 - b) Comprometer a estabilidade do vehículo.
 - c) Producir ruído, po, malos olores ou outras molestias que poidan ser evitadas.
 - d) Ocultar os dispositivos de alumado, placas de matrícula, distintivos obrigatorios ou outras indicacións que poida realizar a súa persoa condutora de forma manual.
2. - O transporte de materias que produzan po ou poidan caer efectuarase sempre cubríndoas total e eficazmente.
3. - O transporte de cargas molestas, nocivas, insalubres ou perigosas, así como as que entrañen especialidades no seu acondicionamento ou estiba, ademais ateranse ás normas específicas que regula a materia.

Artigo 62. Dimensións da carga

1. - A carga non sobresaíra da proxección en planta do vehículo, salvo nos casos e condicións previstos nos parágrafos seguintes:
2. - Nos vehículos destinados exclusivamente ao transporte de mercadorías, tratándose de cargas indivisibles e sempre que se cumpran as condicións establecidas para a súa estiba e acondicionamento, poderán sobresaír:
- a) No caso de vigas, postes, tubos ou outras cargas de lonxitude indivisibles, e en vehículos de lonxitude superior a 5 metros, só poderán sobresaír 2 metros pola parte anterior e 3 pola posterior.
- Nos de 5 metros ou menos, un terzo da lonxitude do vehículo por cada extremo anterior e posterior.
- b) No caso de que a dimensión menor da carga indivisible sexa superior ao ancho do vehículo, poderá sobresaír ata 0,40 metros por cada lateral, sempre que o ancho total non sexa superior a 2,55 metros.
3. - Nos vehículos de anchura inferior a 1 metro, a carga non deberá sobresaír lateralmente máis de 0,50 metros a cada lado do seu eixe lonxitudinal. Non poderá sobresaír nada pola extremidade anterior, nin máis de 0,25 metros pola posterior.
4. - No resto dos vehículos non destinados exclusivamente ao transporte de mercadorías, a carga poderá sobresaír pola parte posterior ata un 10% da súa lonxitude e se fose indivisible un 15%.
5. - Nos supostos anteriores, a carga que sobresaía irá convenientemente resgardada nas extremidades saíntes de forma que minore os efectos dun rozamento ou choqe posibles.
6. - En todo caso, a carga que sobresaía pola parte traseira será sinalizada por medio dun panel de 50 por 50 centímetros de dimensión (sinal V-20), pintado con franxas diagonais alternas de cor vermella e branco. O panel deberase colocar no extremo posterior da carga, de maneira que quede constantemente perpendicular ao eixe do vehículo.

Cando a carga sobresaía lonxitudinalmente por toda a anchura da parte posterior do vehículo, colocaranse transversalmente dous paneis de sinalización, cada un nun extremo da carga ou da anchura do material que sobresaía. Ambos os paneis deberán de colocarse de tal xeito que formen unha xeometría de “v” invertida.

Cando o vehículo circule entre a posta e saída do sol ou en condicións atmosféricas ou ambientais que diminúan sensiblemente a visibilidade, e o panel non sexa reflector, deberá ter en cada esquina un dispositivo reflector de cor vermella e, ademais, a carga deberá ir sinalizada cunha luz vermella.

Cando a carga sobresaía por diante, a sinalización farase por medio dunha luz branca e un dispositivo reflector da mesma cor.

Sección 3.ª Carga e descarga

Artigo 63. Normas xerais

1. - Enténdese por zona de carga e descarga aquel espazo da vía pública que se sinalizase e identificase como tal pola autoridade municipal, no que se permitirá o estacionamento de vehículos polo tempo estritamente necesario para realizar as operacións de carga e descarga ou que sen estar sinalizado figure na relación de puntos habilitados para realizar as ditas operacións (artigo 65 desta ordenanza).
- 2.- Durante o período de tempo establecido e dentro do horario permitido, a persoa condutora do vehículo poderá facer uso das zonas de carga ou descarga, aínda tratándose dun vehículo particular, sempre e cando este se encontre realizando as ditas operacións nas condicións que establece esta ordenanza neste artigo.
3. - As operacións de carga ou descarga deberán levarse a cabo fóra da vía, e cando sexa inescusable efectualas nesta, deberán realizarse sen ocasionar perigos nin perturbacións graves ao tránsito doutras persoas usuarias, e coas debidas precaucións para evitar rúidos innecesarios coa obriga de deixar limpa a vía pública e ademais tendo en conta as normas seguintes:
- a) Respectaranse as disposicións sobre paradas e estacionamentos, e aquelas que diten as autoridades municipais sobre horas e lugares axeitados.

- b) Efectuaranse, no posible, polo lado do vehículo máis próximo ao bordo da calzada.
- c) Levaranse a cabo con medios suficientes para conseguir a máxima celeridade, e procurando evitar ruídos e molestias innecesarias, e quedará prohibido depositar a mercadoría na calzada, beiravía e zonas peonís.
- d) As operacións de carga e descarga de mercadorías molestas, nocivas, insalubres ou perigosas, así como as que entrañen especialidades no seu manexo ou estiba rexeranse, ademais, polas disposicións específicas que regulan a materia.
- e) En caso de existir algún perigo para as persoas usuarias da vía durante a realización de carga e descarga, deberase protexer e sinalizar a zona de acordo coa normativa vixente.
- f) Aqueles vehículos que por razóns especiais non se axusten ao establecido para a carga e descarga deberán proveerse do correspondente permiso municipal.
- g) Permisividade de aparcar fóra dos horarios establecidos, nos espazos habilitados para a carga e descarga coa excepción das zona peonís.

Artigo 64. Zonas reservadas para carga e descarga

- 1. - O Concello disporá, nas rúas do termo municipal, zonas reservadas para que os vehículos destinados ao transporte e distribución de mercadorías poidan efectuar a carga e descarga.
- 2. - As zonas de carga e descarga sinalizaranse, tanto vertical como horizontalmente, cos sinais homologados polas normas vixentes en materia de circulación. No que se refire á extensión das devanditas zonas, estarán supeditadas ao que en cada momento determine o persoal técnico municipal. Exceptúanse as vías de circulación restrinxida do recinto histórico nas que por motivos de estética e de especial protección do patrimonio, non se colocarán os sinais verticais e marcas viarias, e no seu lugar designaranse os seus puntos de localización que se recollerán no artigo 65 desta ordenanza.
- 3. - Tamén poderán autorizarse zonas reservadas solicitadas a instancia dos comerciantes de determinadas zonas, requirindo, en todo caso, informe previo dos técnicos municipais e resolución da ou do alcalde ou concelleira delegada ou concelleiro delegado. Estas zonas poderán ser modificadas ou suprimidas por circunstancias que afecten á circulación ou ao interese xeral.
- 4. - O horario xenérico de carga e descarga nas zonas reservadas para tal efecto será dende as 9:00 ás 13:00 e dende as 16:00 ás 19:00 horas ou o que estableza a autoridade municipal, e poderán determinarse horarios específicos naquelas zonas que o precisen, ben sexa pola problemática da vía ou pola demanda comercial. A carga ou descarga durará o tempo imprescindible para efectuar as operacións necesarias.

Artigo 65. Carga e descarga en vías de circulación restrinxida

No seu modo de execución, a carga e descarga rexerase de acordo co establecido no artigo 63 desta ordenanza coas seguintes puntualizacións:

- 1. - O horario xenérico da carga e descarga no interior do recinto histórico (zonas peonís) será das 8:00 ás 12:00 horas e das 15:00 ás 17:00 horas. En todo caso, as operacións de carga e descarga estarán finalizadas ás 12:00 e 17:00 horas, respectivamente.
- 2.- Así mesmo, poderán levar a cabo estas operacións:
 - a) Os vehículos de residentes ou persoas usuarias con praza de garaxe na zona restrinxida, debidamente autorizados, en tránsito cara á referida praza.
 - b) Os vehículos de residentes debidamente autorizados que aínda que non dispoñan de praza de garaxe na zona restrinxida transporten persoas enfermas, vultos, persoas discapacitadas, maletas ou equipaxes de peso ou volume considerable, permitirase unicamente a parada fronte ao domicilio.
 - c) Vehículos lixeiros de persoas que acrediten ter negocio establecido na zona debidamente autorizados, co obxecto de realizar as operacións de carga e descarga nos termos e horarios debidamente establecidos.
 - d) Os vehículos de autotaxi cando presten servizos solicitados polos viaxeiros e viaxeiras dentro da zona de circulación restrinxida.
 - e) Os vehículos do servizo de extinción de incendios, de salvamento, de Policía, as ambulancias en servizo, os vehículos de limpeza viaria e aqueloutros de servizos municipais previamente para o efecto.
 - f) Os vehículos MMA non superior a 5.500 kg que efectúen os labores de carga e descarga dentro do horario establecido, e nos puntos de localización relacionados neste artigo.
- 3.- Dentro das vías de circulación restrinxida do recinto histórico, establécense os seguintes puntos para realizar as operacións de carga e descarga:
 - praza Armanyá
 - praza de Pío XII
 - praza do Campo Castelo

- praza de Fernando Casas Novoa

4.- Na entrada e saída das vías de circulación restrinxida, a autoridade municipal poderá utilizar elementos móbiles ou sistemas de control por visión artificial que impidan o acceso e a circulación de vehículos ao seu interior.

Artigo 66. Carga e descarga no resto das vías

1. - En todos os supostos nos que non existise nas inmediacións unha zona habilitada para carga e descarga ou que, debido ás características da mercadoría, xa polo seu volume ou fraxilidade; ou debido ás condicións do servizo non fose posible utilizar aquela, facéndose preciso a colocación do vehículo nunha zona non destinada a parada ou estacionamento, será necesaria a obtención de autorización municipal expresa para a ocupación da vía pública.

2. - A autorización á que se refire o parágrafo anterior deberá solicitarse coa suficiente antelación e sempre antes da ocupación da vía pública, e polo tempo que se considere necesario para realizar os traballos. Se, como consecuencia da devandita ocupación, resultase un entorpecemento grave para a circulación de vehículos ou de persoas, a Policía Local adoptará as medidas pertinentes, e poderá, se é o caso, ordenar a suspensión das devanditas operacións.

Os gastos que se orixinen para deixar libre de vehículos a zona reservada correrán por conta da persoa solicitante da devandita reserva. A Policía Local determinará en cada suposto se é necesaria a presenza policial ou sinalización temporal da zona obxecto de ocupación.

TÍTULO II

Da sinalización

Artigo 67. Normas xerais sobre sinais

1. - A sinalización é o conxunto de sinais e ordes de axentes da circulación, sinais circunstanciais que modifican o réxime normal de utilización da vía, sinais de balizamento fixo, semáforos, sinais verticais de circulación e marcas viarias, destinadas ao persoal usuario da vía, e que teñen por misión advertir e informar a estes ou ordenar ou regulamentar o seu comportamento coa necesaria antelación, de determinadas circunstancias da vía ou da circulación.

As características dos sinais de circulación son as que aparecen especificadas no título IV do Regulamento xeral de circulación e as reproducidas no Anexo III desta Ordenanza.

2. - A sinalización das vías urbanas correspóndelle á autoridade municipal. A Alcaldía ou o concelleiro delegado ordenará a colocación, retirada e substitución dos sinais que en cada caso proceda, así como a autorización de sinais temporais por motivo de obras ou outras circunstancias.

3. - Os sinais de regulamentación instalados nas entradas dos núcleos de poboación rexerán para todo o núcleo, salvo sinalización específica para un tramo de rúa ou zona.

Os sinais de regulamentación instalados nas entradas de estacionamento limitado en superficie rexen en xeral para a totalidade das vías interiores do perímetro.

4. - Todo o público usuario das vías obxecto desta ordenanza está obrigado a obedecer os sinais da circulación que establezan unha obriga ou unha prohibición e a adaptar o seu comportamento á mensaxe do resto dos sinais regulamentarios que se atopen nas vías polas que circulan. Para estes efectos, cando o sinal impoña unha obriga de detención, non poderá continuar a súa marcha a persoa condutora do vehículo así detido ata cumprir a finalidade que o sinal establece.

5. - Unha vez establecida a ordenación da circulación e a sinalización fixa ou variable nas vías a que se refire esta ordenanza, corresponderalles a axentes da Policía Local e de Mobilidade vixiar o seu cumprimento, regular o tráfico mediante as súas indicacións e sinais, e formular as denuncias que procedan polas infraccións que se cometan contra o disposto nesta ordenanza, a Lei de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria e demais disposicións complementarias, de acordo coa normativa vixente e coas disposicións que diten os órganos e as autoridades con competencias en materia de tráfico.

6. - Salvo circunstancias especiais que o xustifiquen, as persoas usuarias deben obedecer as prescricións indicadas polos sinais, aínda cando pareza estar en contradición coas normas de comportamento na circulación, para o cal haberá que ter en conta o disposto no artigo seguinte sobre prioridade entre sinais.

7. - As e os usuarios deben obedecer as indicacións dos semáforos e dos sinais verticais de circulación situados inmediatamente á súa dereita, enriba da calzada ou enriba do seu carril e, se non existen nas citadas localizacións e pretendan xirar á esquerda ou seguir de fronte, as dos situados inmediatamente á súa esquerda. Se existen semáforos ou sinais verticais de circulación con indicacións distintas á dereita e á esquerda, quen pretenda xirar á esquerda ou seguir de fronte só debe obedecer as dos situados inmediatamente á súa esquerda.

8. - En ausencia de axentes da circulación ou para auxiliar a estes, e nas circunstancias e condicións regulamentariamente establecidas, o persoal de obras na vía e/ou de acompañamento dos vehículos en réxime de transporte especial poderá regular o paso de vehículos mediante o emprego de sinais verticais R-2 e R-400

incorporadas a unha pa, e, por este mesmo medio, as patrullas escolares invitar as persoas usuarias da vía a que deteñan a súa marcha. Cando a autoridade competente autorice a celebración de actividades deportivas ou actos que aconsellen establecer limitacións á circulación en vías urbanas, a autoridade responsable do tráfico poderá habilitar o persoal de protección civil ou o da organización responsable para impedir o acceso de vehículos ou peóns ás zonas ou itinerarios afectados nos termos establecidos no Anexo II do Regulamento xeral de circulación.

Cando as Forzas e Corps de Seguridade do Estado, no ámbito das súas funcións, establezan controis policiais de seguridade cidadá na vía pública, poderán regular o tráfico exclusivamente en caso de ausencia de axentes da circulación.

A forma e significado dos sinais e ordes das e dos axentes da circulación axustarase ao que establece o Catálogo oficial de sinais de circulación.

Artigo 68. Prioridade entre sinais

1. - A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais de circulación é a seguinte:

1º. Sinais e ordes das e dos axentes de circulación.

2º. Sinalización circunstancial que modifique o réxime normal de utilización da vía e sinais de balizamento fixo..

3º. Semáforos.

4º. Sinais verticais de circulación.

5º. Marcas viarias.

2. - No caso de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan estar en contradición entre si, prevalecerá a prioritaria, segundo a orde á que se refire o parágrafo anterior, ou a máis restritiva, se se trata de sinais do mesmo tipo.

Artigo 69. Idioma dos sinais

As indicacións escritas nos sinais expresaranse nos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 70. Mantemento de sinais e sinais circunstanciais

1. - Correspóndelle a quen sexa titular da vía a responsabilidade do mantemento desta nas mellores condicións posibles de seguridade para a circulación, e da instalación e conservación nela dos axeitados sinais e marcas viarias. Tamén lle corresponde ao titular da vía a autorización previa para a instalación nela doutros sinais de circulación. En caso de emerxencia, as e os axentes da autoridade poderán instalar sinais circunstanciais sen autorización previa.

2. - A autoridade encargada da regulación do tránsito será responsable da sinalización de carácter circunstancial en razón das súas continxencias e da sinalización variable necesaria para o seu control, de acordo coa lexislación de estradas.

3. -A responsabilidade da sinalización das obras que se realicen nas vías obxecto desta ordenanza corresponderalles aos organismos que as realicen ou ás empresas adxudicatarias destas.

4. - O público usuario da vía está obrigado a seguir as indicacións do persoal destinado á regulación do tránsito nas devanditas obras.

Cando as obras sexan realizadas por empresas adxudicatarias ou por entidades distintas do titular da vía, con anterioridade ao seu inicio comunicaranllo á autoridade local responsable do tráfico, que ditará as instrucións que resulten procedentes en relación coa regulación, xestión e control do tráfico.

4. - A sinalización das obras sen permiso do titular da vía e o incumprimento das instrucións ditadas pola autoridade responsable da xestión do tráfico terán a consideración de infraccións moi graves.

5. - As obras que dificulten de calquera modo a circulación viaria deberán estar sinalizadas tanto de día como de noite, e balizadas luminosamente durante as horas nocturnas ou cando as condicións meteorolóxicas ou ambientais o esixan, e serán a cargo de quen realice a obra e adaptaranse á lexislación vixente.

Artigo 71. Retirada, substitución e alteración de sinais

1. - A instalación, retirada, traslado ou modificación da sinalización requirirá a previa autorización municipal, esta autorización determinará a localización, modelo e dimensións dos sinais para implantar.

2. - O Concello ordenará a inmediata retirada ou substitución dos sinais antirreglamentariamente instalados, dos que perderan o seu obxecto e dos que non o cumpran por causa da súa deterioración, por aqueles outros que sexan adecuados.

3. - Salvo por causa xustificada, ninguén debe instalar, retirar, trasladar, ocultar ou modificar a sinalización dunha vía sen permiso da ou do seu titular ou, se é o caso, da autoridade encargada da regulación do tránsito ou da responsable das instalacións.

4. - Prohíbese modificar o contido dos sinais ou colocar sobre eles ou nas súas inmediacións placas, carteis, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou a súa eficacia, deslumbrar as persoas usuarias da vía ou distraer a súa atención.

5. - Os supostos de retirada, modificación da sinalización permanente ou ocasional terán a consideración de infraccións moi graves.

Artigo 72. Advertencias das e dos condutores

1. - As e os condutores están obrigados a advertirle ao resto das persoas usuarias da vía acerca das manobras que vaian efectuar cos seus vehículos.

2. - Como norma xeral, as ditas advertencias faranse utilizando a sinalización luminosa do vehículo ou, se non, o brazo.

3. - Excepcionalmente, poderán empregar sinais acústicos as persoas condutoras de vehículos non prioritarios:

a) Para evitar un posible accidente e, de modo especial, en vías estreitas con abundantes curvas.

b) Para advertirlles a súa presenza ás demais persoas usuarias da vía, de conformidade co disposto no artigo 24.2 desta ordenanza.

4. - Os vehículos de servizos de urxencia, públicos ou privados, e outros vehículos especiais poderán utilizar outros sinais ópticos e acústicos nos casos e condicións do artigo 24 desta ordenanza.

5. - A utilización de sinais acústicos e alarmas en casos diferentes dos recollidos neste artigo estará, ademais, suxeita á lexislación reguladora desta materia.

TÍTULO III

Infraccións e sancións, medidas cautelares e responsabilidade

CAPÍTULO I Infraccións e sancións

Artigo 73. Cadro xeral de infraccións

1. As infraccións que puidesen cometerse contra o disposto nesta ordenanza á Lei de seguridade viaria e Regulamento xeral de circulación e outras normas desenvolvidas regulamentariamente, se é o caso, terán o carácter de infraccións administrativas e serán sancionadas coas multas previstas na Lei de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, na súa relación dada pola Lei 18/2009, do 23 de novembro.

Nos anexos desta ordenanza recóllense de acordo coa devandita norma aquelas infraccións máis comúns contra as principais normas en materia de tráfico, así mesmo nos devanditos anexos se recolle tamén o importe das sancións que lles corresponde ás devanditas infraccións.

Cando as accións ou omisións poidan constituír delitos ou faltas tipificadas nas leis penais, estarase ao disposto no establecido no artigo 72 da Lei de seguridade viaria.

2. As infraccións a que fai referencia o parágrafo anterior clasifícanse en leves, graves e moi graves.

3. Son infraccións leves as cometidas contra as normas contidas nesta ordenanza, na Lei de seguridade viaria e nos regulamentos que a desenvolvan que non se cualifiquen expresamente como graves ou moi graves nos parágrafos seguintes. En particular, é falta leve non facer uso por parte das e dos usuarios de bicicletas dos elementos e pezas reflectoras, de acordo co disposto na Lei de seguridade viaria.

4. Son infraccións graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas tipificadas nesta ordenanza e na Lei de seguridade viaria referidas a:

a) Non respectar os límites de velocidade regulamentariamente establecidos, de acordo co recollido no anexo IV da Lei de seguridade viaria (anexo II desta ordenanza).

b) Circular nun tramo a unha velocidade media superior aos límites establecidos regulamentariamente, de acordo co recollido no anexo IV da Lei de seguridade viaria (anexo II desta ordenanza).

c) Incumprir as disposicións recollidas nesta ordenanza e na Lei de seguridade viaria en materia de prioridade de paso, adiantamentos, cambios de dirección ou sentido e marcha atrás, sentido da circulación, utilización de carrís e beiravías e, en xeral, toda vulneración das ordenacións especiais de tráfico por razóns de seguridade ou fluidez da circulación.

d) Parar ou estacionar no carril bus, en curvas, cambios de rasante, zonas de estacionamento para uso exclusivo de persoas con discapacidade, pasos inferiores, interseccións ou en calquera outro lugar perigoso ou no que se obstaculice gravemente a circulación ou constitúa un risco, especialmente para peóns.

e) Circular sen facer uso do alumeado regulamentario, salvo que o vehículo sexa unha bicicleta en cuxo caso a infracción terá o carácter de leve.

f) Conducir utilizando cascos, auriculares ou outros dispositivos que diminúan a obrigatoria atención permanente á conducción.

- g) Conducir utilizando manualmente dispositivos de telefonía móbil, navegadores ou calquera outro sistema de comunicación.
- h) Non facer uso do cinto de seguridade, sistemas de retención infantil, casco e demais elementos de protección.
- i) Circular con menores de doce anos como pasaxeiros ou pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas.
- j) Non respectar os sinais das e dos axentes que regulan a circulación.
- k) Non respectar a luz vermella dun semáforo.
- l) Non respectar o sinal de stop ou o sinal de ceda o paso.
- ll) Conducir un vehículo sendo titular dunha autorización que carece de validez por non cumprir os requisitos administrativos esixidos regulamentariamente en España.
- m) A conducción negligente.
- n) Tirar á vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios ou accidentes, ou que obstaculicen a libre circulación.
- ñ) Non manter a distancia de seguridade co vehículo que o precede.
- o) Circular cun vehículo que incumpra as condicións técnicas regulamentariamente establecidas, así como as infraccións relativas ás normas que regulan a inspección técnica de vehículos.
- p) Incumprir a obriga de toda persoa condutora de verificar que as placas de matrícula do vehículo non presentan obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.
- q) Non facilitarlle á ou ao axente da autoridade a súa identidade nin os datos do vehículo solicitados polas persoas afectadas nun accidente de circulación, estando implicado neste.
- r) Conducir vehículos coa carga mal acondicionada ou con perigo de caída.
- s) Conducir un vehículo tendo suspendida a autorización administrativa para conducir ou prohibida a súa utilización pola persoa condutora.
- t) Circular cun vehículo, cuxo permiso de circulación está suspendido.
- u) A ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por cento o número de prazas autorizadas, excluída a da persoa condutora.
- v) Incumprir a obriga de impedir que o vehículo sexa conducido por quen nunca obtivese o permiso ou a licenza de conducción correspondente.
- w) Incumprir as normas sobre o réxime de autorización e funcionamento dos centros de ensino e formación e dos centros de recoñecemento de persoas condutoras autorizadas polo Ministerio do Interior ou polos órganos competentes das comunidades autónomas, salvo que puidesen estimarse incluídas no artigo 73.6.e). desta ordenanza.
- x) Non instalar os dispositivos de alerta á persoa condutora nos garaxes ou aparcadoiros nos termos legal e regulamentariamente previstos.
- y) Circular en posición paralela con vehículos que o teñen prohibido.

5. Son infraccións moi graves, cando non sexan constitutivas de delito, as seguintes condutas:

- a) Non respectar os límites de velocidade regulamentariamente establecidos, de acordo co recollido no anexo IV da Lei de seguridade viaria (anexo II desta ordenanza).
- b) Circular nun tramo a unha velocidade media superior aos límites establecidos regulamentariamente, de acordo co recollido no anexo IV da Lei de seguridade viaria (anexo II desta ordenanza).
- c) A conducción polas vías obxecto desta ordenanza inxerindo bebidas alcohólicas con taxas superiores ás que regulamentariamente se establezan e, en todo caso, a conducción baixo os efectos de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e calquera outra substancia de efectos análogos.
- d) Incumprir a obriga de todas as condutoras e condutores de vehículos de someterse ás probas que se establezan para a detección de posibles intoxicacións de alcohol, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias análogas, e a das demais persoas usuarias da vía cando se achen implicados nalgún accidente de circulación.
- e) A conducción temeraria.
- f) A circulación en sentido contrario ao establecido.
- g) Participar en competicións e carreiras de vehículos non autorizadas.
- h) Conducir vehículos que teñan instalados inhibidores de radar ou calquera outros mecanismos encamiñados a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico.

- i) O exceso en máis do 50 por cento nos tempos de condución ou a minoración en máis do 50 por cento nos tempos de descanso establecidos na lexislación sobre transporte terrestre.
- j) O incumprimento polo/a titular ou a arrendataria do vehículo co que se cometera a infracción da obriga de identificar verazmente a persoa condutora responsable da devandita infracción, cando sexan debidamente requiridos para iso no prazo establecido. No suposto das empresas de alugamento de vehículos sen condutor/a, a obriga de identificar axustarase ás previsións ao respecto do artigo 9 bis da Lei de seguridade viaria.
- k) Conducir un vehículo carecendo da autorización administrativa correspondente.
- l) Circular cun vehículo que careza da autorización administrativa correspondente, ou que esta non sexa válida por non cumprir os requisitos esixidos regulamentariamente.
- ll) Circular cun vehículo que incumpra as condicións técnicas que afecten gravemente á seguridade viaria.
- m) Participar ou colaborar na colocación ou posta en funcionamento de elementos que alteren o normal funcionamento do uso do tacógrafo ou do limitador de velocidade.

6. Así mesmo, son infraccións moi graves:

- a) Realizar na vía obras sen a autorización correspondente, así como a retirada, ocultación, alteración ou deterioración da sinalización permanente ou ocasional.
- b) Non instalar a sinalización de obras ou facelo incorrectamente, poñendo en grave risco a seguridade viaria.
- c) Incumprir as normas, regulamentariamente establecidas, que regulan as actividades industriais que afectan de xeito directo á seguridade viaria.
- d) Instalar inhibidores de radar nos vehículos ou calquera outro mecanismo encamiñado a interferir o correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico. Non constituirán infracción os sistemas de aviso que informan da posición dos sistemas de vixilancia do tráfico.
- e) Incumprir as normas sobre o réxime de autorización e funcionamento dos centros de ensino e formación e dos centros de recoñecemento de condutoras ou condutores autorizados polo Ministerio do Interior ou polos órganos competentes das comunidades autónomas, que afecten á cualificación do profesorado ou persoal facultativo, ao estado dos vehículos utilizados no ensino, ou a elementos esenciais que incidan directamente na seguridade viaria.

7. As infraccións derivadas do incumprimento da obriga de asegurar os vehículos de motor regularanse e sancionaranse conforme á súa lexislación específica.

Artigo 74. Sancións

1. As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 100 euros; as graves con multa de 200 euros;

e as moi graves con multa de 500 euros. Non obstante, as infraccións consistentes en non respectar os límites de velocidade sancionaranse conforme á contía prevista no anexo IV de Lei de seguridade viaria (anexo II desta ordenanza).

2. Sen prexuízo do disposto anteriormente, na imposición de sancións deberá terse en conta que:

- a) A multa polo incumprimento pola persoa titular ou pola arrendataria do vehículo co que se cometera a infracción da obriga de identificar verazmente a persoa condutora responsable da devandita infracción, cando sexan debidamente requiridos para iso no prazo legalmente establecido, será o dobre da prevista para a infracción orixinaria que a motivou se é infracción leve, e o triplo se é infracción grave ou moi grave.

No suposto das empresas de alugamento de vehículos sen condutor/a, a obriga de identificar axustarase ás previsións ao respecto do artigo 9 bis da Lei de seguridade viaria.

- b) A multa pola infracción de conducir vehículos que teñan instalados inhibidores de radar ou calquera outro mecanismo encamiñado a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico sancionaranse con 6.000 euros.

- c) As infraccións recollidas no artigo 73.6 desta ordenanza sancionaranse con multa de entre 3.000 e 20.000 euros.

Así mesmo, no suposto da infracción recollida no artigo 73.6.e) desta ordenanza, poderase impoñer a sanción de suspensión da correspondente autorización polo período dun ano. Durante o tempo que dure a suspensión a súa titular ou o seu titular non poderá obter outra autorización para as mesmas actividades.

A realización de actividades durante o tempo de suspensión da autorización levará aparellada unha nova suspensión por un período de seis meses ao cometerse o primeiro quebrantamento, e dun ano se se producise un segundo ou sucesivos quebrantamentos.

3. No suposto de infraccións que impliquen detracción de puntos, a ou o axente denunciante tomará nota dos datos do permiso de condución e remitirallos ao órgano sancionador competente que, cando a sanción sexa

firme, os comunicará xuntamente coa sanción e a detracción de puntos correspondente ao Rexistro de persoas condutoras e infractoras.

4. Cando a persoa infractora non acredite a súa residencia legal en territorio español, a ou o axente denunciante fixará provisionalmente a contía da multa e, de non se depositar o seu importe, a persoa condutora deberá trasladar o vehículo e inmovilizalo no lugar indicado pola ou polo axente denunciante. O depósito realizarase tendo en conta o previsto no artigo 90 desta ordenanza, respecto á posibilidade de redución do 50 por cento da multa inicialmente fixada.

Artigo 75. Graduación das sancións

A contía económica das multas establecidas no artigo 74.1 desta ordenanza e as recollidas no anexo IV da Lei de seguridade viaria (anexo II desta ordenanza) poderá incrementarse nun 30 por cento, en atención á gravidade e transcendencia do feito, os antecedentes da persoa infractora e á súa condición de reincidente, o perigo potencial creado para ela ou el mesmo e para o demais persoal usuario da vía e ao criterio de proporcionalidade.

Os criterios de graduación establecidos anteriormente seranlles, así mesmo, de aplicación ás sancións polas infraccións previstas no artigo 73.6 desta ordenanza.

CAPÍTULO II

Das medidas cautelares

Artigo 76. Inmovilización do vehículo

1. As e os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico poderán proceder á inmovilización do vehículo cando:

- a) o vehículo careza de autorización administrativa para circular, ben por non obtela ou porque fora obxecto de anulación, declarada a súa perda de vixencia,
- b) o vehículo presente deficiencias que constitúan un risco especialmente grave para a seguridade viaria,
- c) a persoa condutora ou pasaxeira non fagan uso do casco de protección, nos casos en que fose obrigatorio,
- d) teña lugar a negativa a efectuar as probas a que se refire o artigo 12.2 e 3 da Lei de seguridade viaria ou estas dean un resultado positivo,
- e) o vehículo careza de seguro obrigatorio,
- f) se observe un exceso nos tempos de condución ou unha minoración nos tempos de descanso que sexan superiores ao 50 por cento dos tempos establecidos regulamentariamente, salvo que a ou o condutor sexa substituído por outro,
- g) se produza unha ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por cento o número de prazas autorizadas, excluída a da persoa condutora,
- h) o vehículo supere os niveis de gases, fumes e ruído permitidos regulamentariamente segundo o tipo de vehículo,
- i) existan indicios racionais que poñan de manifesto a posible manipulación nos instrumentos de control,
- j) se detecte que o vehículo está dotado de mecanismos ou sistemas encamiñados a eludir a vixilancia das dos axentes de tráfico e dos medios de control a través de captación de imaxes.

A inmovilización levantarase no momento en que cese a causa que a motivou.

Nos supostos previstos na alínea 1, parágrafos h), i) e j), a inmovilización só se levantará no suposto de que, trasladado o vehículo a un taller designado pola ou polo axente da autoridade, sexa certificada por aquel a desaparición do sistema ou manipulación detectada ou xa non se superen os niveis permitidos.

2. No suposto recollido na alínea 1, parágrafo e), estarase ao disposto no texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro.

3. A inmovilización do vehículo producirase no lugar sinalado por axentes da autoridade. Para estes efectos, a ou o axente poderá indicarlle á persoa condutora do vehículo que continúe circulando ata o lugar designado.

4. Os gastos que se orixinen como consecuencia da inmovilización do vehículo serán por conta da persoa condutora que cometeu a infracción. Se non, serán por conta da persoa condutora habitual ou da arrendataria e, a falta destes, da ou do titular. Os gastos deberán ser aboados como requisito previo para levantar a medida de inmovilización, sen prexuízo do correspondente dereito de defensa e da posibilidade de repercutilos sobre a persoa responsable que dera lugar a que a Administración adopte a devandita medida.

Nos supostos previstos na alínea 1, parágrafos h), i) e j), os gastos da inspección correrán de conta da parte denunciada, se se acredita a infracción.

5. Se o vehículo inmovilizado fose utilizado en réxime de arrendamento, a inmovilización do vehículo substituirase pola prohibición de uso do vehículo pola persoa infractora.

Artigo 77. Retirada e depósito de vehículos

1. O Concello como responsable da xestión do tráfico e de acordo co establecido nesta ordenanza poderá proceder, se o obrigado a iso non o fixese, á retirada do vehículo da vía e o seu depósito no lugar que se designe nos seguintes casos:

a) Sempre que constitúa perigo, cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou deteriore algún servizo ou patrimonio público.

b) En caso de accidente que impida continuar a súa marcha.

c) Cando, procedendo legalmente a inmovilización do vehículo, non houberse lugar adecuado para practicala sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas.

d) Cando, inmovilizado un vehículo de acordo co disposto no artigo 76 desta ordenanza, non cesasen as causas que motivaron a inmovilización.

e) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como zonas de aparcadoiro reservado para o uso de persoas con discapacidade sen colocar o distintivo que o autoriza.

f) Cando un vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinadas persoas usuarias e nas zonas reservadas á carga e descarga.

g) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria sen colocar o distintivo que o autoriza, ou cando se supere o triplo do tempo aboado conforme ao establecido na ordenanza municipal.

h) Cando inmovilizado un vehículo conforme o artigo 74.4 desta ordenanza, a persoa infractora persistise na súa negativa a depositar ou garantir o pagamento do importe da multa.

2. Salvo nos casos de substracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do ou da titular debidamente xustificadas os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada á que se refire o parágrafo anterior, serán por conta de titular, do arrendatario ou do condutor habitual, segundo o caso, que deberá aboalos como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso que a/o asiste e da posibilidade de repercutilos sobre a persoa responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción que dera lugar á retirada.

3. A Administración deberá comunicarlle a retirada e depósito do vehículo ao/á titular no prazo de 24 horas.

Artigo 78. Outros supostos de retirada de vehículos

1. - Tamén procederá a retirada do vehículo nos casos seguintes:

a) Cando o vehículo estea estacionado no itinerario ou espazo que haxa de ser ocupado por unha comitiva, procesión, desfile, cabalgata, proba deportiva ou outra actividade de relevo debidamente autorizada.

b) Cando resulte necesario para a reparación, mantemento ou limpeza da vía pública.

c) Cando se atope estacionado entre os sinais de reserva temporal de espazo, sempre que o devandito estacionamento se realizara con posterioridade á colocación dos mencionados sinais.

2. - Nos casos dos incisos b) e c) do parágrafo anterior, deberá sinalizarse con, polo menos, 24 horas de antelación o itinerario ou zona de estacionamento prohibido e colocar notas de aviso nos parabrisas dos vehículos afectados. Os vehículos que tiveran que ser retirados depositaranse no lugar máis próximo posible con aviso ás súas persoas titulares ou condutoras cando sexa posible e sen que se poida sancionar nin requirir cantidade ningunha polo traslado. O disposto neste parágrafo non reixerá para os vehículos que estacionen con posterioridade á colocación dos sinais.

Tratamento residual do vehículo

1. A Administración competente en materia de xestión do tráfico, logo do expediente oportuno, poderá ordenar o traslado do vehículo a un centro autorizado de tratamento de vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación:

a) Cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo fose inmovilizado ou retirado da vía pública e depositado pola Administración e o seu/súa titular non formulase alegacións.

b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula.

Con anterioridade á orde de traslado do vehículo, a Administración requiriralle á/ao titular advertíndoa/o de que, de non proceder á súa retirada no prazo dun mes, se procederá ao seu traslado ao centro autorizado de tratamento.

2. - Naqueles casos en que se estime conveniente, a Alcaldesa ou o Alcalde ou autoridade correspondente por delegación poderán acordar a substitución da destrución do vehículo pola súa adxudicación aos servizos de vixilancia e control do tráfico, respectivamente en cada ámbito.

CAPÍTULO III

Da responsabilidade

Artigo 79. Persoas responsables

1. - A responsabilidade polas infraccións ao disposto nesta ordenanza recaerá directamente na ou no autor do feito en que consista a infracción. Non obstante:

a) A ou o condutor dunha motocicleta, dun ciclomotor, dun vehículo de tres ou catro rodas non carrozados ou de calquera outro vehículo para o que se esixa o uso de casco por persoa condutora e pasaxeira será responsable pola non utilización do casco de protección pola persoa pasaxeira, así como por transportar pasaxeiros e pasaxeiros que non contén coa idade mínima esixida.

Así mesmo, quen conduza o vehículo será responsable pola non utilización dos sistemas de retención infantil, coa excepción prevista no artigo 11.4 da Lei de seguridade viaria, cando se trate de persoal condutor profesional.

b) Cando a autoría dos feitos cometidos corresponda a menores de dezoito anos, responderán solidariamente con eles/as os seus pais, nais, titoras, titores, acolletores e gardadores legais ou de feito, por esta orde, en razón ao incumprimento da obriga imposta a estes que leva consigo un deber de previr a infracción administrativa que se impute aos/ás menores.

A responsabilidade solidaria quedará referida estritamente á pecuniaria derivada da multa imposta.

c) Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo e este teña designado un condutor habitual, a responsabilidade pola infracción recaerá neste condutor habitual, salvo no suposto de que se acredite que era outra a persoa condutora ou a subtracción do vehículo.

d) Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo e este non tivese designado unha persoa condutora habitual, será responsable a persoa condutora identificada pola/o titular ou arrendataria a longo prazo, de acordo coas obrigas impostas no artigo 9 bis da Lei de seguridade viaria.

e) Nas empresas de arrendamento de vehículos a curto prazo será responsable quen arrende o vehículo. En caso de que esta ou este manifestase non ser quen conduce, ou fose persoa xurídica, corresponderanlle as obrigas que para a/o titular establece o artigo 9 bis da Lei de seguridade viaria. A mesma responsabilidade alcanzará a titulares dos talleres mecánicos ou establecementos de compravenda de vehículos polas infraccións cometidas cos vehículos mentres se atopen alí depositados.

f) A/O titular ou o arrendataria/o a longo prazo, no suposto de que constase no rexistro de vehículos, será en todo caso responsable das infraccións relativas á documentación do vehículo, aos recoñecementos periódicos e ao seu estado de conservación, cando as deficiencias afecten ás condicións de seguridade do vehículo.

g) A/O titular ou o arrendataria/a, no suposto de que constase no rexistro de vehículos, será responsable das infraccións por estacionamento, salvo nos supostos en que o vehículo designase unha persoa condutora habitual ou se indique unha persoa condutora responsable do feito.

2. O disposto neste artigo entenderase para os únicos efectos da determinación da responsabilidade no ámbito administrativo polas infraccións.

TÍTULO IV

Procedemento sancionador e recursos

Artigo 80. Garantía de procedemento

1. Non se poderá impoñer sanción ningunha polas infraccións tipificadas nesta ordenanza, senón en virtude de procedemento instruído conforme ao disposto no capítulo III do Título V da Lei de seguridade viaria e nas disposicións regulamentarias que a desenvolvan e, supletoriamente, polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os instrumentos, aparatos ou medios e sistemas de medida que sexan utilizados para a formulación de denuncias por infraccións á normativa de tráfico estarán sometidos a control metrolóxico nos termos establecidos pola Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 81. Competencias

1. A competencia para sancionar as infraccións ao disposto nesta ordenanza correspóndelle á Alcaldesa ou ao Alcalde Presidente do Concello de Lugo, que poderá delegar esta facultade de acordo coa lexislación aplicable.

2. As competencias municipais non comprenden as infraccións aos preceptos do título IV da Lei de seguridade viaria nin as cometidas en travesías en tanto non teñan o carácter de vías urbanas.

3. A competencia para impoñer a suspensión do permiso ou licenza de condución ou de circulación correspóndelle, en todo caso, á/ao Xefe Provincial de Tráfico.

Artigo 82. Actuacións administrativas e xurisdiccionais penais

1. Cando nun procedemento administrativo de carácter sancionador se poña de manifesto un feito que ofrezca aparencia de delito ou falta perseguible de oficio, a autoridade administrativa daralle coñecemento ao Ministerio Fiscal, por se procedese o exercicio da acción penal e acordará a suspensión das actuacións.

2. Concluído o proceso penal con sentenza condenatoria das ou dos inculpados, archivarase o procedemento administrativo sen declaración de responsabilidade. Se a sentenza fora absolutoria ou o procedemento penal finalizase con outra resolución que lle poña fin sen declaración de responsabilidade, e sempre que esta non estivese fundada na inexistencia do feito, poderase iniciar ou continuar o procedemento administrativo sancionador contra quen non fose condenada/o en vía penal.

3. A resolución que se dite deberá respectar, en todo caso, a declaración de feitos probados no devandito procedemento penal.

Artigo 83. Incoación

1. O procedemento sancionador incoarao de oficio a autoridade competente que teña noticia dos feitos que poidan constituír infraccións tipificadas nesta ordenanza, na Lei de seguridade viaria e nas disposicións regulamentarias que a desenvolvan, por iniciativa propia ou mediante denuncia das e dos axentes encargados do servizo de vixilancia de tráfico e control da seguridade viaria ou de calquera persoa que teña coñecemento dos feitos.

2. Non obstante, a denuncia formulada por axentes da autoridade que se encarguen do servizo de vixilancia do tráfico e notificada no acto á/ao denunciada/o constitúe o acto de iniciación do procedemento sancionador, para todos os efectos.

3. - O órgano encargado da instrución dos expedientes sancionadores será a Unidade Administrativa de Sancións da Policía Local de Lugo.

Artigo 84. Denuncias

1. As e os axentes da autoridade que se encarguen da vixilancia do tráfico deberán denunciar as infraccións que observen cando exerzan funcións de vixilancia e control da seguridade viaria.

2. Nas denuncias por feitos de circulación deberá constar, en todo caso:

a) A identificación do vehículo co que se cometese a suposta infracción.

b) A identidade da/o denunciada/o, se fose coñecida.

c) Unha descrición sucinta do feito, con expresión do lugar ou tramo, data e hora.

d) Nome e domicilio de denunciante ou, se fose axente da autoridade, o seu número de identificación profesional.

3. Nas denuncias que as e os axentes da autoridade notifiquen no acto á/ao denunciada/o, deberá constar, ademais, para os efectos do disposto no artigo 83.2 desta ordenanza:

a) A infracción presuntamente cometida, a sanción que puidese corresponder e o número de puntos cuxa perda leve aparelada a infracción, conforme ao disposto na Lei de seguridade viaria.

b) O órgano competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúe tal competencia.

c) Se a/o denunciado procede ao aboamento da sanción no acto, deberá sinalarse, ademais, a cantidade aboada e as consecuencias derivadas do pagamento da sanción previstas no artigo 90 desta ordenanza.

d) No caso de que non se proceda ao aboamento no acto da sanción, deberá indicarse que a devandita denuncia inicia o procedemento sancionador e que dispón dun prazo de vinte días naturais para efectuar o pagamento, coa redución e as consecuencias establecidas no artigo 90 desta ordenanza, ou para formular as alegacións e propoñer as probas que considere convenientes. Neste caso, indicaranse os lugares, oficinas ou dependencias onde pode presentalas.

e) Se no prazo sinalado no parágrafo anterior non se formulasen alegacións ou non se aboase a multa, indicarse que o procedemento se terá por concluído o día seguinte á finalización do devandito prazo, conforme se establece no artigo 91 desta ordenanza.

f) O domicilio que, se é o caso, indique a/o interesada/o para os efectos de notificacións. Este domicilio non se terá en conta se a/o denunciada/o asignase un enderezo electrónico viaria, iso sen prexuízo do previsto no artigo 28.4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

4. Nas denuncias por feitos alleos á circulación especificaranse todos os datos necesarios para a súa descrición.

Artigo 85. Valor probatorio das denuncias das e dos axentes da autoridade

As denuncias formuladas por axentes da autoridade que se encarguen da vixilancia do tráfico darán fe, salvo proba en contrario, dos feitos denunciados e da identidade dos que os cometesen, así como, se é o caso, da notificación da denuncia, sen prexuízo do deber daqueles de achegar todos os elementos probatorios que sexan posibles sobre o feito denunciado.

Así mesmo, calquera persoa poderá formular denuncia das infraccións aos preceptos desta ordenanza que puidese observar, achegando os medios de proba que estime oportunos para que sexan valorados polo órgano instructor.

Artigo 86. Notificación da denuncia

1. As denuncias notificaránselle no acto á/o denunciada/o.
2. Non obstante, a notificación poderá efectuarse nun momento posterior sempre que se dea algunha das seguintes circunstancias:
 - a) Que a denuncia se formule en circunstancias en que a detención do vehículo poida orixinar un risco para a circulación. Neste caso, a ou o axente deberá indicar os motivos concretos que a impiden.
 - b) Que a denuncia se formule estando o vehículo estacionado, cando a persoa condutora non estea presente.
 - c) Que a autoridade sancionadora tivera coñecemento dos feitos a través de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo.

Artigo 87. Práctica da notificación das denuncias

1. A Administración municipal notificará as denuncias que non se entreguen no acto e as demais notificacións a que dea lugar o procedemento sancionador na Dirección Electrónica Viaria. No caso de que o denunciado non a tivese, a notificación efectuarase no domicilio que expresamente indicase para o procedemento e, se non, no domicilio que figure nos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico.

2. O sistema de notificación na Dirección Electrónica Viaria permitirá acreditar a data e a hora na que se produza a posta a disposición do denunciado do acto obxecto de notificación, así como o acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación entenderase practicada para todos os efectos legais.

Se, existindo constancia da recepción na Dirección Electrónica Viaria, transcorresen dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que aquela foi rexeitada, salvo que de oficio ou a instancia da persoa destinataria se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso. O rexeitamento farase constar no expediente sancionador especificándose as circunstancias do intento de notificación, e terase por efectuado o trámite, continuándose co procedemento.

3. - Cando a notificación se practique no domicilio da persoa interesada e esta non se encontre presente no momento de entregarse a notificación, poderá facerse cargo dela calquera persoa que se atope no domicilio e faga constar a súa identidade.

Se ninguén se fíxese cargo da notificación, anotarase esta circunstancia no expediente sancionador, xunto co día e a hora en que se intentou, e practicarase de novo dentro dos tres días seguintes. Se tampouco fose posible a entrega, darase por cumprido o trámite, e procederase á publicación no BOP e no Taboleiro de Edictos do Concello do seu último domicilio, e a partir do momento en que dispoña este Concello dos medios necesarios para levar a cabo a publicación de notificacións, realizarase no Taboleiro Edictal de Sancións de Tráfico (TESTRA).

Se estando a interesada/o no domicilio rexeitase a notificación, farase constar no expediente sancionador, e especificaranse as circunstancias do intento de notificación, terase por efectuado o trámite, e continuarase o procedemento.

Se o resultado da notificación é que a interesada/o é descoñecida/o no domicilio ao cal se dirixiu esta, a Administración procederá, así mesmo, á publicación no BOP e no Taboleiro de Edictos do Concello do seu último domicilio, e a partir do momento en que dispoña este Concello dos medios necesarios para levar a cabo a publicación de notificacións, realizarase no Taboleiro Edictal de Sancións de Tráfico (TESTRA).

Artigo 88. Notificacións no Taboleiro Edictal de Sancións de Tráfico (TESTRA).

1. As notificacións que non poidan efectuarse no domicilio da/do denunciada/o practicarase no Taboleiro Edictal de Sancións de Tráfico (TESTRA), a partir do momento en que este Concello dispoña dos medios necesarios para levalas a cabo, e entenderase que estas foron practicadas transcorridos vinte días naturais, darase por cumprido o dito trámite, e continuarase co procedemento.

Artigo 89. Clases de procedementos sancionadores

1. Notificada a denuncia, a/o denunciada/o disporá dun prazo de vinte días naturais para realizar o pagamento voluntario con redución da sanción de multa, ou para formular as alegacións e propoñer ou achegar as probas que considere oportunas.

Se efectúa o pagamento da multa nas condicións indicadas no parágrafo anterior, seguirase o procedemento sancionador abreviado e, en caso de non o facer, o procedemento sancionador ordinario.

2. O procedemento sancionador abreviado non será de aplicación ás infraccións previstas no artigo 73, parágrafos 5. h), j) e 6 desta ordenanza.

3. Ademais de nos rexistros, oficinas e dependencias previstos no parágrafo cuarto do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as alegacións, escritos e recursos que se deriven dos procedementos sancionadores en materia de tráfico poderán presentarse nos rexistros, oficinas e dependencias expresamente designados na correspondente denuncia ou resolución sancionadora.

Cando se presenten nos rexistros, oficinas ou dependencias non designados expresamente, estes remitiránlles aos órganos competentes en materia de tráfico coa maior brevidade posible.

Artigo 90. Procedemento sancionador abreviado

Unha vez realizado o pagamento voluntario da multa, xa sexa no acto de entrega da denuncia ou dentro do prazo de vinte días naturais contados dende o día seguinte ao da súa notificación, terase por concluído o procedemento sancionador coas seguintes consecuencias:

- a) A redución do 50 por cento do importe da sanción de multa.
- b) A renuncia a formular alegacións. No caso de que fosen formuladas, teranse por non presentadas.
- c) A terminación do procedemento, sen necesidade de ditar resolución expresa, o día en que se realice o pagamento.
- d) O esgotamento da vía administrativa, sendo recorrible unicamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
- e) O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo iniciárase o día seguinte a aquel en que teña lugar o pagamento.
- f) A firmeza da sanción na vía administrativa dende o momento do pagamento, producindo plenos efectos dende o día seguinte.
- g) A sanción non computará como antecedente no Rexistro de Condutores e Infractores, sempre que se trate de infraccións graves que non leven aparelhada perda de puntos.

Artigo 91. Procedemento sancionador ordinario

1. Notificada a denuncia, a/o interesada/o disporá dun prazo de vinte días naturais para formular as alegacións que teña por conveniente e propoñer ou achegar as probas que considere oportunas.

2. No suposto de que non se producise a detención do vehículo, a/o titular, a/o arrendataria/o a longo prazo ou a persoa condutora habitual, se é o caso, disporán dun prazo de vinte días naturais para identificar a persoa condutora responsable da infracción contra a que se iniciará o procedemento sancionador.

3. Se as alegacións formuladas achegasen datos novos ou distintos dos constatados pola persoa axente denunciante, e sempre que se considere necesario pola persoa instrutora, daráselle traslado daquelas á ou ao axente para que informe no prazo de quince días naturais.

En todo caso, a persoa instrutora poderá acordar que se practiquen as probas que considere pertinentes para a indagación e cualificación dos feitos e para a determinación das posibles responsabilidades. A denegación da práctica das probas deberá ser motivada, deixando constancia no expediente sancionador.

4. Concluída a instrución do procedemento, o órgano instrutor elevaralle proposta de resolución ao órgano competente para sancionar para que dite a resolución que proceda. Unicamente se lle dará traslado da proposta á/ao interesada/o para que poida formular novas alegacións no prazo de quince días naturais se figuran no procedemento ou se tivesen en conta na resolución outros feitos ou outras alegacións e probas diferentes ás aducidas pola/o interesada/o.

5. Se a/o denunciada/o non formula alegacións nin aboa o importe da multa no prazo de vinte días naturais seguintes ao da notificación da denuncia, esta producirá o efecto de acto resolutorio do procedemento sancionador. Neste suposto, a sanción poderá executarse transcorridos trinta días naturais dende a notificación da denuncia.

O disposto anteriormente será de aplicación unicamente cando se trate de:

- a) Infraccións leves.
- b) Infraccións graves que non detraian puntos.
- c) Infraccións graves e moi graves cuxa notificación se efectuase no acto da denuncia.

A terminación do procedemento pon fin á vía administrativa e a sanción poderase executar dende o día seguinte ao transcurso dos trinta días antes indicados.

Artigo 92. Recursos no procedemento sancionador ordinario

1. A resolución sancionadora porá fin á vía administrativa, e a sanción poderase executar dende o día seguinte a aquel en que se notifique á/ao interesada/o, producindo plenos efectos, ou, se é o caso, unha vez que transcorra o prazo indicado no último parágrafo do artigo anterior.

2. Contra as resolucións sancionadoras, poderá interpoñerse recurso de reposición, con carácter potestativo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación.

O recurso interporase ante o órgano que ditou a resolución sancionadora, que será o competente para resolvelo.

3. A interposición do recurso de reposición non suspenderá a execución do acto impugnado nin a da sanción. No caso de que a/o recorrente solicite a suspensión da execución, esta entenderase denegada transcorrido o prazo dun mes dende a solicitude sen que se resolverse.

4. Non se terán en conta na resolución do recurso feitos, documentos e alegacións da/o recorrente que puidesen ser achegados no procedemento orixinario.

5. O recurso de reposición regulado neste artigo entenderase desestimado se non recae resolución expresa no prazo dun mes, quedando expedita a vía contencioso- administrativa.

Artigo 93. Execución das sancións

Unha vez firmes en vía administrativa, poderase proceder á execución das sancións conforme ao previsto na Lei de seguridade viaria.

Artigo 94. Cobramento de multas

1. As multas que non fosen aboadas durante o procedemento deberán facerse efectivas dentro dos quince días naturais seguintes á data da firmeza da sanción.

2. Vencido o prazo de ingreso establecido no parágrafo anterior sen que se satisfixese a multa, a súa exacción levarase a cabo polo procedemento de constrinximento. Para tal efecto, será título executivo a providencia de constrinximento notificada ao debedor, expedida polo órgano competente da Administración xestora.

Artigo 95. Responsables subsidiarias/os do pagamento de multas

1. As e os titulares dos vehículos cos que se cometera unha infracción serán responsables subsidiarias/os en caso de non pagamento da multa imposta á persoa condutora, salvo nos seguintes supostos:

a) Roubo, furto ou calquera outro uso no que quede acreditado que o vehículo foi utilizado en contra da súa vontade.

b) Cando a titular sexa unha empresa de alugamento sen condutor/a.

c) Cando o vehículo designase unha/un arrendataria/o a longo prazo no momento de cometerse a infracción. Neste caso, a responsabilidade recaerá nesta/e.

d) Cando o vehículo teña designado unha persoa condutora habitual no momento de cometerse a infracción. Neste caso, a responsabilidade recaerá nesta.

2. A declaración de responsabilidade subsidiaria e as súas consecuencias, incluída a posibilidade de adoptar medidas cautelares, rexeranse polo disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación.

3. A/O responsable que satisfixera a multa ten dereito de reembolso contra o/a infractor/a pola totalidade do que satisfixera.

Artigo 96. Prescrición e caducidade

1. O prazo de prescrición das infraccións previstas nesta Lei será de tres meses para as infraccións leves e de seis meses para as infraccións graves e moi graves.

O prazo de prescrición comezará a contar a partir do mesmo día en que os feitos se cometesen.

2. A prescrición interrómtese por calquera actuación administrativa da que teña coñecemento a parte denunciada ou estea encamiñada a descubrir a súa identidade ou domicilio, e se practique con outras administracións, institucións ou organismos. Tamén se interrompe pola notificación efectuada de acordo cos artigos 86, 87 e 88 desta ordenanza.

O prazo de prescrición continuarase se o procedemento se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable á parte denunciada.

3. Se non se producise a resolución sancionadora transcorrido un ano dende a iniciación do procedemento, producirase a súa caducidade e procederase ao arquivo das actuacións, por solicitude de calquera interesada/o ou de oficio polo órgano competente para ditar resolución.

Cando a paralización do procedemento se producise a causa do coñecemento dos feitos pola xurisdición penal, o prazo de caducidade suspenderase e, unha vez adquira firmeza a resolución xudicial, continuarase o cómputo do prazo de caducidade polo tempo que restaba no momento de acordar a suspensión.

4. O prazo de prescrición das sancións consistentes en multa pecuniaria será de catro anos, e o das demais sancións será dun ano, computados dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a sanción.

O cómputo e a interrupción do prazo de prescrición do dereito da Administración para esixir o pagamento das sancións consistentes en multa pecuniaria rexeranse polo disposto na Lei xeral tributaria.

Disposición derogatoria: queda derogada a Ordenanza xeral de Policía (BOP número 148, do 29 de xuño de 1991), aínda que mantén a súa vixencia no que se refire á ordenación e regulación do aparcadoiro (ORA), coa excepción do importe das sancións que se estará ao disposto nesta Ordenanza municipal de circulación.

Disposición final. Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei reguladora de bases de réxime local.

ANEXO I

Cadro codificado de infraccións

ABREVIATURAS UTILIZADAS NO CODIFICADO:

RXC e CIR: Regulamento xeral de circulación

LSV: Lei de seguridade viaria

CON: Regulamento xeral de condutores

SOA: Seguro obrigatorio de automóbiles

VEH: Regulamento xeral de vehículos OMC: Ordenanza municipal de circulación Art.: artigo

Apt.: apartado do artigo

Opc.: opción dentro do parágrafo do artigo

Inf.: cualificación da infracción

L: infracción leve

G: infracción grave

MG: infracción moi grave

Multa €: contía da multa

Ptos.: puntos para detraer

INFRACCIÓNS AORXC, LSV, RXV, SOA E CON				INFRACCIÓNS Á OMC			FEITO DENUNCIADO	Inf	Multa €	Ptos.
Norma	Artigo	Apt.	Opc.	Art.	Apt.	Opc.				
CIR	002	1	5A				COMPORTARSE INDEBIDAMENTE NA CIRCULACIÓN CAUSANDO PERIGO ÁS PERSOAS	L	80	0
CIR	002	1	5B				COMPORTARSE INDEBIDAMENTE NA CIRCULACIÓN ENTORPECENDO ESTA, CAUSANDO PREXUIZOS E MOLESTIAS INNECESARIAS ÁS PERSOAS OU DANOS AOS BENS	L	80	0
CIR	003	1	5A				CONDUCIR DE FORMA TEMERARIA.	M G	500	6
CIR	003	1	5B				CONDUCIR DE FORMA NEGLIXENTE CREANDO UNHA SITUACIÓN DE RISCO OU PERIGO PARA SI MESMO, AS DE MAIS PERSOAS OCUPANTES DO VEHÍCULO OU AO RESTO DE PERSOAS USUARIAS DA VÍA.	G	200	0
CIR	003	1	5C				CONDUCIR SEN A DILIXENCIA, PRECAUCIÓN E NON DISTRACCIÓN NECESARIAS PARA EVITAR TODO DANO PROPIO OU ALLEO	G	200	0
CIR	004	2	5A				TIRAR SOBRE A VÍA OBXECTOS OU MATERIAS QUE FAGAN PERIGOSA A LIBRE CIRCULACIÓN, PARADA OU ESTACIONAMENTO OU DETERIORAR AQUELA OU AS SUAS INSTALACIÓNS	G	200	4
CIR	004	2	5B				DEPOSITAR OU ABANDONAR SOBRE A VÍA OBXECTOS OU MATERIAS QUE POIDAN ENTORPECER A LIBRE CIRCULACIÓN, PARADA OU ESTACIONAMENTO	L	80	0

CIR	004	3	5A				INSTALAR EN VÍAS OU TERREOS ALGÚN APARATO, INSTALACIÓN OU CONSTRUCCIÓN, AÍNDA QUE SEXA CON CARÁCTER PROVISIONAL OU TEMPORAL, QUE POIDA ENTORPECER A CIRCULACIÓN	L	80	0
CIR	004	3	5B				REALIZAR ACTUACIÓNS, RODAXES, ENQUISAS OU ENSAIOS QUE, AÍNDA QUE SEXAN CON CARÁCTER PROVISIONAL OU TEMPORAL, POIDAN ENTORPECER A CIRCULACIÓN	L	80	0
CIR	005	1	5A				NON FACER DESAPARECER O ANTES POSIBLE UN OBSTÁCULO OU PERIGO NA VÍA POR QUEN O CREOU	L	80	0
CIR	005	1	5B				NON ADOPTAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA ADVERTIR ÁS DEMAIS PERSOAS USUARIAS A EXISTENCIA DUN OBSTÁCULO OU PERIGO CREADO NA VÍA POLA/O PROPIA/O DENUNCIADA/O	L	80	0
CIR	005	3	5A				NON SINALIZAR DE FORMA EFICAZ (TANTO DE DÍA COMO DE NOITE) UN OBSTÁCULO OU PERIGO NA VÍA POR QUEN O CREOU.	L	80	0
CIR	006	1	5A				TIRAR Á VÍA OU NAS SÚAS INMEDIACIÓNS CALQUERA OBXECTO QUE POIDA DAR LUGAR Á PRODUCCIÓN DE INCENDIOS.	G	200	4
CIR	006	1	5B				TIRAR Á VÍA OU NAS SÚAS INMEDIACIÓNS CALQUERA OBXECTO QUE POIDA PRODUCIR ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN	G	200	4
CIR	006	1	5C				TIRAR Á VÍA OU NAS SÚAS INMEDIACIÓNS CALQUERA OBXECTO QUE POIDA DAR LUGAR Á PRODUCCIÓN DE INCENDIOS.	G	200	0
CIR	006	1	5D				TIRAR Á VÍA OU NAS SÚAS INMEDIACIÓNS CALQUERA OBXECTO QUE POIDA PRODUCIR ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN.	G	200	0
CIR	007	1	5A				CIRCULAR CUN VEHÍCULO QUE EMITE PERTURBACIÓNS ELECTROMAGNÉTICAS	G	200	0
CIR	007	1	5B				CIRCULAR CUN VEHÍCULO CON NIVEIS DE EMISIÓN DE RUÍDO SUPERIORES AOS LÍMITES ESTABLECIDOS POLAS NORMAS QUE REGULAN ESPECIFICAMENTE A MATERIA	G	200	0
CIR	007	1	5C				CIRCULAR CUN VEHÍCULO EMITINDO GASES OU FUMES EN VALORES SUPERIORES AOS LÍMITES ESTABLECIDOS NAS NORMAS REGULADORAS DOS VEHÍCULOS	G	200	0
CIR	007	1	5D				CIRCULAR CUN VEHÍCULO QUE FOI OBXECTO DUNHA REFORMA DE IMPORTANCIA NON AUTORIZADA	G	200	0
CIR	007	1	5E				NON COLABORAR A PERSOA CONDUTORA DUN VEHÍCULO NAS PROBAS DE DETECCIÓN QUE PERMITAN COMPROBAR UNHA POSIBLE DEFICIENCIA NESTE	L	80	0
CIR	007	2	5A				CIRCULAR CUN VEHÍCULO DE MOTOR CO ESCAPE LIBRE, SEN LEVAR INSTALADO O PRECEPTIVO DISPOSITIVO SILENCIADOR DE EXPLOSIÓNS OU CUN SILENCIADOR INEFICAZ	G	200	0
CIR	007	2	5B				CIRCULAR CUN CICLOMOTOR CO ESCAPE LIBRE, SEN LEVAR INSTALADO O PRECEPTIVO DISPOSITIVO SILENCIADOR DE EXPLOSIÓNS OU CUN SILENCIADOR INEFICAZ	G	200	0
CIR	007	4	5A				INSTALAR VERTEDOIROS DE LIXOS E RESIDUOS DENTRO DA ZONA DE AFECCIÓN DA ESTRADA, OU AÍNDA CANDO ESTANDO FÓRA DELA, EXISTE PERIGO DE QUE O FUME PRODUCIDO POLA INCINERACIÓN DOS LIXOS OU INCENDIOS OCASIONAIS POIDA ALCANZAR AQUELA.	L	80	0

INFRACCIÓNS AORXC, LSV, RXV, SOA E CON				INFRACCIÓNS Á OMC			FEITO DENUNCIADO	Inf	Multa €	Ptos.
Norma	Artigo	Apt.	Opc.	Art.	Apt.	Opc.				
CIR	009	1	5A				TRANSPORTAR NO VEHÍCULO MENCIONADO UN NÚMERO DE PERSOAS SUPERIOR AO DE PRAZAS AUTORIZADAS, SEN QUE O EXCESO DE OCUPACIÓN SUPERE NUN 50% AS DITAS PRAZAS.	L	80	0
CIR	009	1	5B				CONDUCIR UN VEHÍCULO OCUPADO POR UN NÚMERO DE PERSOAS QUE EXCEDA DO 50% DO NÚMERO DE PRAZAS AUTORIZADAS, EXCLUÍDO A PERSOA CONDUTORA.	G	200	0
CIR	009	1	5C				CARECER O VEHÍCULO DE SERVIZO PÚBLICO OU AUTOBÚS DAS PLACAS INTERIORES NAS QUE CONSTE O NÚMERO MÁXIMO DE PRAZAS AUTORIZADAS.	L	80	0

CIR	009	1	5D			TRANSPORTAR PERSOAS NO VEHÍCULO MENCIONADO SUPERANDO, ENTRE VIAXEIROS/AS E EQUIPAXE, A MASA MÁXIMA AUTORIZADA PARA ESTE.	L	80	0
CIR	010	1	5A			TRANSPORTAR PERSOAS NUN VEHÍCULO EN LOCALIZACIÓN DISTINTA AO DESTINADO E ACONDICIONADO PARA ELAS	L	80	0
CIR	010	2	5A			VIAXAR PERSOAS NUN VEHÍCULO DESTINADO AO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS OU COUSAS NO LUGAR RESERVADO Á CARGA, INCUMPRINDO AS CONDICIÓN QUE SE ESTABLECEN NAS DISPOSICIÓNS QUE REGULAN A MATERIA	L	80	0
CIR	010	3	5A			LEVAR INSTALADA UNHA PROTECCIÓN DA CARGA QUE ESTORBA ÁS/AOS OCUPANTES NUN VEHÍCULO AUTORIZADO PARA TRANSPORTAR SIMULTANEAMENTE PERSOAS E CARGA	L	80	0
CIR	010	3	5B			LEVAR INSTALADA UNHA PROTECCIÓN DA CARGA QUE PODE DANAR AS/OS OCUPANTES EN CASO DE SER PROXECTADA, NUN VEHÍCULO AUTORIZADO PARA TRANSPORTAR SIMULTANEAMENTE PERSOAS E CARGA	G	200	0
CIR	010	4	5A			NON LEVAR INSTALADA A PROTECCIÓN DA CARGA PREVISTA NA LEXISLACIÓN REGULADORA DOS VEHÍCULOS, NUN VEHÍCULO AUTORIZADO PARA TRANSPORTAR SIMULTANEAMENTE PERSOAS E CARGA	G	200	0
CIR	011	1	5A			EFFECTUAR PARADAS E ARRANCADAS CON SACUDIDAS OU MOVEMENTOS BRUSCOS A PERSOA CONDUTORA DUN TRANSPORTE COLECTIVO DE PERSOAS VIAXEIRAS	L	80	0
CIR	011	1	5B			NON PARAR O MÁIS PRETO POSIBLE DO BORDO DEREITO DA CALZADA A PERSOA CONDUTORA DUN TRANSPORTE COLECTIVO DE PERSOAS	L	80	0
CIR	011	1	5C			REALIZAR A PERSOA CONDUTORA DUN TRANSPORTE COLECTIVO DE PERSOAS ACTOS QUE A POIDAN DISTRAER DURANTE A MARCHA	L	80	0
CIR	011	1	5D			NON VELAR POLA SEGURIDADE DAS PERSOAS VIAXEIRAS A PERSOA CONDUTORA OU, SE É O CASO, A ENCARGADA, DUN TRANSPORTE COLECTIVO DE PERSOAS VIAXEIRAS, TANTO DURANTE A MARCHA COMA NAS SUBIDAS E BAIXADAS	L	80	0
CIR	011	2	5A			VULNERAR A PERSOA VIAXEIRA DUN VEHÍCULO DESTINADO AO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE COLECTIVO DE PERSOAS PROHIBICIÓNS REGULAMENTARIAMENTE PREVISTAS	L	80	0
CIR	011	2	5B			NON PROHIBIR A ENTRADA OU ORDENAR A SAÍDA A PERSOA CONDUTORA DUN VEHÍCULO DESTINADO AO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE COLECTIVO DE PERSOAS, ÁS/AOS VIAXEIROS QUE VULNEREN AS PROHIBICIÓNS ESTABLECIDAS	L	80	0
CIR	012	1	5A			CIRCULAR 2 PERSOAS NUN CICLO EN CONDICIÓNS DISTINTAS ÁS REGULAMENTARIAS	L	80	0
CIR	012	2	5A			CIRCULAR 2 PERSOAS NO VEHÍCULO MENCIONADO EN CONDICIÓNS DISTINTAS ÁS REGULAMENTARIAS	L	80	0
CIR	012	2	5B			CIRCULAR CON MENORES DE DOCE ANOS COMO PASAXEIROS OU PASAXEIROS DE MOTOCICLETAS OU CICLOMOTORES EN CONDICIÓNS DISTINTAS ÁS REGULAMENTARIAS.	G	200	0
CIR	012	4	5A			CIRCULAR O VEHÍCULO MENCIONADO ARRASTRANDO UN REMOLQUE EN CONDICIÓNS DISTINTAS ÁS REGULAMENTARIAS	L	80	0
CIR	014	1A	5A			CIRCULAR CO VEHÍCULO MENCIONADO CUXA CARGA POIDA ARRASTRAR, CAER, DESPREZARSE DE XEITO PERIGOSO OU COMPROMETER A ESTABILIDADE DO VEHÍCULO, SEN DISPOÑER DOS ACCESORIOS QUE GARANTAN A AXEITADA PROTECCIÓN OU ACONDICIONAMENTO DA CARGA	G	200	0
CIR	014	1C	5B			CIRCULAR CO VEHÍCULO MENCIONADO CUXA CARGA TRANSPORTADA PRODUCE RUÍDO, PO OU OUTRAS MOLESTIAS QUE POIDAN SER EVITADAS	L	80	0
CIR	014	1D	5C			CIRCULAR CO VEHÍCULO MENCIONADO NO QUE A INDEBIDA DISPOSICIÓN DA CARGA OCULTA OS DISPOSITIVOS DE ALUMEADO OU SINALIZACIÓN LUMINOSA, PLACAS OU DISTINTIVOS OBRIGATORIOS E AS ADVERTENCIAS MANUAIS DA PERSOA CONDUTORA.	L	80	0

CIR	014	2	5A				CIRCULAR CUN VEHÍCULO SEN CUBRIR, TOTAL E EFICAZMENTE, AS MATERIAS TRANSPORTADAS QUE PRODUCEN PO OU PODEN CAER.	L	80	0
CIR	015	1	5A				CIRCULAR CO VEHÍCULO MENCIONADO CUXA CARGA SOBRESAE DA PROXECCIÓN EN PLANTA DESTA, NOS TERMOS REGULAMENTARIAMENTE PREVISTOS.	L	80	0
CIR	015	5	5A				CIRCULAR CUN VEHÍCULO TRANSPORTANDO UNHA CARGA QUE SOBRESAE DA SÚA PROXECCIÓN EN PLANTA, SEN ADOPTAR AS DEBIDAS PRECAUCIÓNS PARA EVITAR TODO DANO OU PERIGO ÁS DEMAIS PERSOAS USUARIAS DA VÍA.	L	80	0
CIR	015	6	5A				NON SINALIZAR REGULAMENTARIAMENTE A CARGA QUE SOBRESAE LONXITUDINALMENTE DO VEHÍCULO MENCIONADO	L	80	0
CIR	015	6	5B				CIRCULAR CUN VEHÍCULO, ENTRE A POSTA E SAÍDA DO SOL OU BAIXO CONDIÇÕES METEOROLÓXICAS OU AMBIENTAIS QUE DIMINÚEN SENSIBLEMENTE A VISIBILIDADE SEN SINALIZAR A CARGA DA FORMA ESTABLECIDA REGULAMENTARIAMENTE	L	80	0
CIR	015	7	5A				NON SINALIZAR REGULAMENTARIAMENTE A CARGA QUE SOBRESAE LATERALMENTE DO GÁLBO DO VEHÍCULO MENCIONADO	L	80	0
CIR	016	-	5A				REALIZAR OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA NA VÍA, PODENDO FACELO FÓRA DESTA	L	80	0
CIR	016	-	5B				REALIZAR NA VÍA OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA OCASIONANDO PERIGO OU PERTURBACIÓNS GRAVES AO TRÁNSITO DOUTRAS PERSOAS USUARIAS	L	80	0
CIR	016	-	5C				REALIZAR NA VÍA OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA DEPOSITANDO A MERCADORÍA NA CALZADA, BEIRAVÍA OU ZONA PEONIL	L	80	0
CIR	017	1	5A				CONDUCIR SEN ADOPTAR AS PRECAUCIÓNS NECESARIAS PARA A SEGURIDADE DOUTRAS PERSOAS USUARIAS DA VÍA	L	80	0
CIR	017	2	5A				LEVAR CORRENDO POLA VÍA, CABALARÍAS, GANDO OU VEHÍCULOS DE CARGA DETRACCIÓN ANIMAL, NAS INMEDIACIÓNS DOUTROS DA MESMA ESPECIE OU DAS PERSOAS QUE VAN A PÉ.	L	80	0
CIR	017	2	5B				ABANDONAR A CONDUCIÓN DE CABALARÍAS, GANDO OU VEHÍCULOS DE CARGA DETRACCIÓN ANIMAL, DEIXÁNDOOS MARCHAR LIBREMENTE POLO CAMIÑO OU DETERSE NEL	L	80	0
CIR	018	1	5A				CONDUCIR O VEHÍCULO MENCIONADO SEN MANTER A PROPIA LIBERDADE DE MOVEMENTOS	L	80	0
CIR	018	1	5B				CONDUCIR UN VEHÍCULO SEN MANTER O CAMPO DE VISIÓN	L	80	0

INFRACCIÓNS AORXC, LSV, RXV, SOA E CON				INFRACCIÓNS Á OMC			FEITO DENUNCIADO	Inf	Multa €	Ptos.
Norma	Artigo	Apt.	Opc.	Art.	Apt.	Opc.				
CIR	018	1	5C				CONDUCIR UN VEHÍCULO SEN MANTER A ATENCIÓN PERMANENTE Á CONDUCIÓN	L	80	0
CIR	018	1	5D				CONDUCIR UN VEHÍCULO SEN MANTER A POSICIÓN AXEITADA E QUE A MANTENAN O RESTO DAS PASAXEIRAS E PASAXEIROS	L	80	0
CIR	018	1	5E				CONDUCIR UN VEHÍCULO SEN COIDAR DA AXEITADA COLOCACIÓN DOS OBXECTOS OU ALGÚN ANIMAL TRANSPORTADO PARA QUE NON INTERFIRAN A CONDUCIÓN	L	80	0
CIR	018	1	5F				CIRCULAR CUN VEHÍCULO UTILIZANDO A PERSOA CONDUTORA DISPOSITIVOS VISUAIS INCOMPATIBLES COA ATENCIÓN PERMANENTE Á CONDUCIÓN.	G	200	3
CIR	018	2	5A				CONDUCIR UTILIZANDO CASCOS OU AURICULARES CONECTADOS A APARATOS RECEPTORES OU REPRODUTORES DE SON	G	200	3
CIR	018	2	5B				CONDUCIR UTILIZANDO MANUALMENTE O TELÉFONO MÓBIL OU CALQUERA OUTRO DISPOSITIVO INCOMPATIBLE COA OBRIGATORIA ATENCIÓN PERMANENTE Á CONDUCIÓN.	G	200	3

CIR	019	1	5A				CIRCULAR CUN VEHÍCULO CUXA SUPERFICIE ACRISTALADA NON LLE PERMITE Á SÚA CONDUTORA OU CONDUTOR A VISIBILIDADE DIÁFANA SOBRE TODA A VÍA POLA COLOCACIÓN DE LAMINAS, ADHESIVOS, CORTINAS OU OUTROS ELEMENTOS NON AUTORIZADOS	G	200	0
CIR	019	1	5B				CIRCULAR CUN VEHÍCULO PROVISTO DE LÁMINAS ADHESIVAS OU CORTINAS CONTRA O SOL NAS VENTÁÑAS POSTERIORES, SEN LEVAR DOUS ESPELLOS RETROVISORES QUE CUMPRAN AS ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS NECESARIAS.	G	200	0
CIR	019	2	5A				COLOCAR NUN VEHÍCULO VIDROS TINXIDOS OU COLOREADOS NON HOMOLOGADOS	G	200	0
CIR	020	1	5A				CIRCULAR CUNHA TAXA DE ALCOHOL EN AIRE EXPIRADO SUPERIOR A 0,25 MILIGRAMOS POR LITRO, QUE É A REGULAMENTARIAMENTE ESTABLECIDA, SUPERANDO OS 0,50 MG/L	MG	500	6
CIR	020	1	5B				CIRCULAR CUNHA TAXA DE ALCOHOL EN SANGUE SUPERIOR A 0,50 GRAMOS POR MIL CC, QUE É A REGULAMENTARIAMENTE ESTABLECIDA, SUPERANDO 1,00 G/L	MG	500	6
CIR	020	1	5C				CIRCULAR CUNHA TAXA DE ALCOHOL EN AIRE EXPIRADO SUPERIOR A 0,15 MILIGRAMOS POR LITRO, QUE É A REGULAMENTARIAMENTE ESTABLECIDA, SUPERANDO OS 0,30 MG/L	MG	500	6
CIR	020	1	5D				CIRCULAR CUNHA TAXA DE ALCOHOL EN SANGUE SUPERIOR A 0,30 GRAMOS POR MIL CC, QUE É A REGULAMENTARIAMENTE ESTABLECIDA, SUPERANDO OS 0,60 G/L	MG	500	6
CIR	020	1	5E				CIRCULAR CUNHA TAXA DE ALCOHOL EN AIRE EXPIRADO SUPERIOR A 0,25 MILIGRAMOS POR LITRO, QUE É A REGULAMENTARIAMENTE ESTABLECIDA	MG	500	4
CIR	020	1	5F				CIRCULAR CUNHA TAXA DE ALCOHOL EN SANGUE SUPERIOR A 0,50 GRAMOS POR MIL CC, QUE É A REGULAMENTARIAMENTE ESTABLECIDA	MG	500	4
CIR	020	1	5G				CIRCULAR CUNHA TAXA DE ALCOHOL EN AIRE EXPIRADO SUPERIOR A 0,15 MILIGRAMOS POR LITRO, QUE É A REGULAMENTARIAMENTE ESTABLECIDA	MG	500	4
CIR	020	1	5H				CIRCULAR CUNHA TAXA DE ALCOHOL EN SANGUE SUPERIOR A 0,30 GRAMOS POR MIL CC, QUE É A REGULAMENTARIAMENTE ESTABLECIDA	MG	500	4
CIR	021	1	5A				NON SE SOMETER ÁS PROBAS DE DETECCIÓN DAS POSIBLES INTOXICACIÓNS POR ALCOHOL	MG	500	6
CIR	021	1	5B				NON SE SOMETER ÁS PROBAS DE DETECCIÓN DAS POSIBLES INTOXICACIÓNS POR ALCOHOL ESTANDO IMPLICADO NUN ACCIDENTE DE CIRCULACIÓN	MG	500	6
CIR	021	1	5D				NON SE SOMETER ÁS PROBAS DE DETECCIÓN DAS POSIBLES INTOXICACIÓNS POR ALCOHOL A OU O CONDUTOR DUN VEHÍCULO DENUNCIADO POR COMETER ALGUNHA INFRACCIÓN AO REGULAMENTO XERAL DE CIRCULACIÓN	MG	500	6
CIR	021	1	5E				NON SE SOMETER ÁS PROBAS DE DETECCIÓN DAS POSIBLES INTOXICACIÓNS POR ALCOHOL SENDO REQUIRIDO PARA ELO POLA AUTORIDADE OU OS SEUS AXENTES NUN CONTROL PREVENTIVO	MG	500	6
CIR	026	1	5A				NEGARSE O PERSOAL SANITARIO DUN CENTRO MÉDICO Á OBTENCIÓN DE MOSTRAS PARA DETERMINAR O GRAO DE ALCOHOLEMIA DA PERSOA QUE DESEXA SOMETERSE A TAL PROBA	L	80	0
CIR	026	1	5B				NEGARSE O PERSOAL SANITARIO DUN CENTRO MÉDICO A REMITIRLLE AO LABORATORIO AS PROBAS OBTIDAS PARA A DETERMINACIÓN DO GRAO DE ALCOHOLEMIA DA PERSOA QUE DESEXA SOMETERSE A TAL PROBA	L	80	0
CIR	026	1	5C				NON DAR CONTA O PERSOAL SANITARIO DUN CENTRO MÉDICO Á AUTORIDADE CORRESPONDENTE DO RESULTADO DA ANÁLISE CLÍNICA REALIZADA PARA DETERMINAR O GRAO DE ALCOHOLEMIA	L	80	0
CIR	026	1	5D				OMITIR O PERSOAL SANITARIO ENCARGADO DE COMUNICAR Á AUTORIDADE CORRESPONDENTE O RESULTADO DAS PROBAS REALIZADAS OS DATOS ESIXIDOS REGULAMENTARIAMENTE	L	80	0

CIR	027	1	5A				CONDUCIR UN VEHÍCULO OU BICICLETA TRAS INXERIR OU INCORPORADO AO SEU ORGANISMO ESTUPEFACIENTES, PSICOTRÓPICOS, ESTIMULANTES OU OUTRAS SUBSTANCIAS ANÁLOGAS, BAIXO O EFECTO DAS CALES SE ALTERE O ESTADO FÍSICO OU MENTAL APROPIADO PARA CIRCULAR SEN PERIGO	MG	500	6
CIR	028	1b	5A				NEGARSE A SOMETERSE ÁS PROBAS DE DETECCIÓN DE ESTUPEFACIENTES, PSICOTRÓPICOS, ESTIMULANTES E OUTRAS SUBSTANCIAS ANÁLOGAS.	MG	500	6
CIR	029	1	5A				NON CIRCULAR POLA VÍA O MÁIS PRETO POSIBLE DO BORDO DEREITO DA CALZADA DEIXANDO COMPLETAMENTE LIBRE A METADE DA CALZADA QUE CORRESPONDA AOS QUE POIDAN CIRCULAR EN SENTIDO CONTRARIO	G	200	0
CIR	029	1	5B				NON CIRCULAR POLA VÍA NUN CAMBIO DE RASANTE OU CURVA DE REDUCIDA VISIBILIDADE DEIXANDO COMPLETAMENTE LIBRE A METADE DA CALZADA QUE CORRESPONDA AOS QUE POIDAN CIRCULAR EN SENTIDO CONTRARIO	G	200	0
CIR	029	1	5C				CIRCULAR POR UNHA VÍA DE DOBRE SENTIDO DE CIRCULACIÓN SEN ARRIMARSE O MÁIS PRETO POSIBLE AO BORDO DEREITO DA CALZADA PARA MANTER A SEPARACIÓN LATERAL SUFICIENTE PARA REALIZAR O CRUZAMENTO CON SEGURIDADE	G	200	0
CIR	029	2	5A				CIRCULAR POLA ESQUERDA NUNHA VÍA DE DOBRE SENTIDO DA CIRCULACIÓN EN SENTIDO CONTRARIO AO ESTIPULADO	MG	500	6
CIR	030	1A	5C				CIRCULAR POLO CARRIL DA ESQUERDA, EN SENTIDO CONTRARIO AO ESTIPULADO, NUNHA CALZADA DE DOBRE SENTIDO DE CIRCULACIÓN E DOUS CARRÍS, SEPARADOS OU NON POR MARCAS VIARIAS.	MG	500	6
CIR	030	1B	5D				CIRCULAR POLO CARRIL SITUADO MÁIS Á ESQUERDA EN SENTIDO CONTRARIO AO ESTIPULADO, NUNHA CALZADA DE DOBRE SENTIDO DE CIRCULACIÓN E TRES CARRÍS SEPARADOS POR MARCAS VIARIAS.	MG	500	6
CIR	030	1B	5E				UTILIZAR O CARRIL CENTRAL DUNHA CALZADA CON DOBRE SENTIDO DE CIRCULACIÓN E TRES CARRÍS SEPARADOS POR MARCAS LONXITUDINAIS DESCONTINUAS, SEN DEBERSE A UN ADIANTAMENTO NIN A UN CAMBIO DE DIRECCIÓN Á ESQUERDA	G	200	0

INFRACCIÓN AORXC, LSV, RXV, SOA E CON				INFRACCIÓN Á OMC			FEITO DENUNCIADO	Inf	Multa €	Ptos.
Norma	Artigo	Apt.	Opc.	Art.	Apt.	Opc.				
CIR	030	1	5A				CIRCULAR POLA BEIRAVÍA, NON EXISTINDO RAZÓNS DE EMERXENCIA, CUN VEHÍCULO AUTOMÓBIL	G	200	0
CIR	030	1	5B				CIRCULAR POLA BEIRAVÍA, NON EXISTINDO RAZÓNS DE EMERXENCIA, CUN VEHÍCULO ESPECIAL CON MMA SUPERIOR A 3.500 KG	G	200	0
CIR	031	-	5B				CIRCULAR FÓRA DE POBOADO POR UN CARRIL DISTINTO DO SITUADO MÁIS Á DEREITA, EN CALZADA CON MÁIS DUN CARRIL PARA O MESMO SENTIDO DE MARCHA, ENTORPECENDO A CIRCULACIÓN DOUTRO VEHÍCULO QUE O SEQUE.	G	200	0
CIR	031	1	5A				CIRCULAR CUN AUTOMÓBIL OU VEHÍCULO ESPECIAL CON MMA SUPERIOR A 3.500 KG, FÓRA DE POBOADO E SEN RAZÓNS DE EMERXENCIA, POLA BEIRAVÍA DUNHA VÍA CON MÁIS DUN CARRIL PARA O MESMO SENTIDO DE MARCHA.	G	200	0
CIR	032	-	5A				CIRCULAR FÓRA DE POBOADO CUN CAMIÓN OU FURGÓN DE MMA SUPERIOR A 3.500 KG POR UN CARRIL DISTINTO DO SITUADO MÁIS Á DEREITA, EN CALZADA DE TRES OU MÁIS CARRÍS PARA O MESMO SENTIDO, ENTORPECENDO A MARCHA DE OUTRO QUE O SEQUE	G	200	0
CIR	032	-	5B				CIRCULAR FÓRA DE POBOADO CUN VEHÍCULO ESPECIAL OU CONXUNTO DE VEHÍCULOS DE MÁIS DE SETE METROS DE LONXITUDE, POR UN CARRIL DISTINTO DO SITUADO MÁIS Á DEREITA, ENTORPECENDO A MARCHA DOUTRO QUE O SEQUE.	G	200	0

CIR	032	-	5C				CIRCULAR FÓRA DE POBOADO POR UN CARRIL DISTINTO DOS DOUS SITUADOS MÁIS Á DEREITA EN CALZADA DE TRES OU MÁIS CARRÍS PARA O MESMO SENTIDO.	G	200	0
CIR	033	-	5A				CIRCULAR CUN AUTOMÓBIL OU VEHÍCULO ESPECIAL POR CALZADA DE POBOADO CON POLO MENOS DOUS CARRÍS PARA O MESMO SENTIDO, CAMBIANDO DE CARRIL SEN MOTIVO XUSTIFICADO, CREANDO UN OBSTÁCULO Á CIRCULACIÓN DOS DEMAIS VEHÍCULOS.	G	200	0
CIR	033	-	5B				CIRCULAR CUN AUTOMÓBIL OU VEHÍCULO ESPECIAL POR CALZADA DE POBOADO CON POLO MENOS DOUS CARRÍS PARA O MESMO SENTIDO, DELIMITADOS POR MARCAS LONXITUDINAIS, CAMBIANDO DE CARRIL SEN MOTIVO XUSTIFICADO.	G	200	0
CIR	035	1	5A				CIRCULAR POR UN CARRIL DE ALTA OCUPACIÓN, CUN NÚMERO DE OCUPANTES, INCLUÍDA A PERSOA CONDUTORA, INFERIOR AO ESTABLECIDO.	G	200	0
CIR	035	2	5A				CIRCULAR CO VEHÍCULO MENCIONADO NON AUTORIZADO POR UN CARRIL DE ALTA OCUPACIÓN	G	200	0
CIR	035	2	5B				CIRCULAR POR UN CARRIL DE ALTA OCUPACIÓN, EN SENTIDO CONTRARIO AO ESTABLECIDO	MG	500	6
CIR	036	1	5A				NON CIRCULAR POLA BEIRAVÍA TRANSITABLE DA SÚA DEREITA A PERSOA CONDUTORA DO VEHÍCULO MENCIONADO ESTANDO OBRIGADO A UTILIZALO	G	200	0
CIR	036	1	5B				NON CIRCULAR POLA BEIRAVÍA TRANSITABLE DA SÚA DEREITA A PERSOA CONDUTORA DO VEHÍCULO MENCIONADO CON MMA QUE NON EXCEDA DE 3.500 KG, QUE POR RAZÓNS DE EMERXENCIA O FAGA A VELOCIDADE ANORMALMENTE REDUCIDA, PERTURBANDO CON ISO GRAVEMENTE A CIRCULACIÓN.	G	200	0
CIR	036	2	5A				CIRCULAR EN POSICIÓN PARALELA CON OUTRO VEHÍCULO, TENDO AMBOS OS DOUS PROHIBIDA A DEVANDITA FORMA DE CIRCULAR	G	200	0
CIR	036	3	5A				CIRCULAR EN POSICIÓN PARALELA CON OUTRO VEHÍCULO AO REALIZAR UN ADIANTAMENTO, EXCEDENDO NA SÚA DURACIÓN OS 15 SEGUNDOS OU EFECTUANDO UN PERCORRIDO NA DEVANDITA FORMA SUPERIOR A 200 METROS.	G	200	0
CIR	037	1	5A				CIRCULAR SEN AUTORIZACIÓN POR UNHA VÍA CONTRAVINDO A ORDENACIÓN DETERMINADA POLA AUTORIDADE COMPETENTE POR RAZÓNS DE FLUIDEZ OU SEGURIDADE DA CIRCULACIÓN	MG	500	0
CIR	037	1	5B				CIRCULAR POR UNHA VÍA PECHADA AO TRÁFICO OU POR UN DOS SEUS TRAMOS, VULNERANDO A PROHIBICIÓN TOTAL OU PARCIAL DE ACCESO A ESTE POR PARTE DA AUTORIDADE COMPETENTE, POR RAZÓNS DE FLUIDEZ OU SEGURIDADE DA CIRCULACIÓN	G	200	0
CIR	037	1	5C				CIRCULAR POLO CARRIL OU BEIRAVÍA DUNHA VÍA EN SENTIDO CONTRARIO AO ORDENADO POLA AUTORIDADE COMPETENTE POR RAZÓNS DE FLUIDEZ OU SEGURIDADE DA CIRCULACIÓN.	MG	500	6
CIR	037	2	5A				CIRCULAR POR UNHA VÍA CONTRAVINDO A RESTRICIÓN OU LIMITACIÓN DE CIRCULACIÓN A DETERMINADOS VEHÍCULOS ORDENADA POLA AUTORIDADE COMPETENTE PARA EVITAR O ENTORPECEMENTO DAQUELA E GARANTIR A SÚA FLUIDEZ	L	80	0
CIR	039	2	5A				CIRCULAR CO VEHÍCULO MENCIONADO DENTRO DOS ITINERARIOS E PRAZOS OBXECTO DAS RESTRICIÓN IMPOSTAS POLA AUTORIDADE COMPETENTE.	G	200	0
CIR	039	4	5A				CIRCULAR CONTRAVINDO AS RESTRICIÓN TEMPORAIS Á CIRCULACIÓN IMPOSTAS POLOS AXENTES ENCARGADOS DA VIXILANCIA DO TRÁFICO PARA LOGRAR UNHA MAIOR FLUIDEZ E SEGURIDADE NA CIRCULACIÓN	G	200	4
CIR	039	5	5A				CIRCULAR CO VEHÍCULO MENCIONADO DENTRO DOS ITINERARIOS E PRAZOS OBXECTO DAS RESTRICIÓN IMPOSTAS POLA AUTORIDADE COMPETENTE, CARECENDO DA AUTORIZACIÓN ESPECIAL CORRESPONDENTE	MG	500	0
CIR	040	1	5A				CIRCULAR POR UN CARRIL REVERSIBLE SEN LEVAR ACENDIDO O ALUMEADO DE CRUZAMENTO	G	200	0

CIR	040	2	5A				CIRCULAR POR UN CARRIL REVERSIBLE EN SENTIDO CONTRARIO AO ESTIPULADO	MG	500	6
CIR	041	1	5A				CIRCULAR CUN VEHÍCULO NON AUTORIZADO REGULAMENTARIAMENTE POR UN CARRIL HABILITADO PARA A CIRCULACIÓN EN SENTIDO CONTRARIO AO HABITUAL DEBIDAMENTE SINALIZADO	G	200	0
CIR	041	1	5B				CIRCULAR EN SENTIDO CONTRARIO AO ESTIPULADO NUNHA CALZADA NA QUE A AUTORIDADE COMPETENTE DA REGULACIÓN DO TRÁFICO HABILITARA CARRÍS PARA A SÚA UTILIZACIÓN EN SENTIDO CONTRARIO AO HABITUAL	G	200	0
CIR	041	1	5C				CIRCULAR POR UN CARRIL HABILITADO PARA A CIRCULACIÓN EN SENTIDO CONTRARIO AO HABITUAL SEN LEVAR ACENDIDO O ALUMEADO DE CRUZAMENTO	G	200	0
